

**PROGRAMACIÓN (LOMCE)
DO DEPARTAMENTO DE
FILOSOFÍA DO IES
ARMANDO COTARELO
VALLEDOR PARA O CURSO
2022-23**

**PROGRAMACIÓN DA
MATERIA: FILOSOFÍA (4º
ESO) (LOMCE)**

**I.E.S. ARMANDO
COTARELO
VALLEDOR**

**VILAGARCÍA DE
AROUSA CURSO
2022-2023**

Esta materia será impartida neste curso polo profesor Bruno Formoso Andón.

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA *FILOSOFÍA* AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. RÚBRICAS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CORRECCIÓN.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

MATERIAIS E RECURSOS

DIDÁCTICOS

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

PLAN DE SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS EN BACHARELATO.

DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS A ADOPTAR Á VISTA DOS RESULTADOS OBTIDOS.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

- PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES
- APORTACIÓNS AO PLAN DE CONVIVENCIA

- FOMENTO DA LECTURA
- FOMENTO DAS TIC's

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN (Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora)

I. INTRODUCCIÓN

Esta programación insírese no contexto da implantación completa da LOMCE, iniciada no curso escolar 2015-2016.

Cursos a impartir polo noso Departamento

Esta programación abrangue todas as materias e cursos ao noso cargo, que son:

Cursos 1º, 2º, 3º e 4º ESO: Valores Éticos.

Cursos 1º e 2º de Bacharelato: Filosofía. Historia da Filosofía, Antropoloxía, Psicoloxía.

Cursos 1º e 2º de Bacharelato de Adultos: Filosofía, Historia da Filosofía.

Composición do Departamento

Este departamento didáctico está formado polos seguintes profesores/as:

Jesús Merino Palacios, que imparte: Valores Éticos na ESO, Antropoloxía en 1º de Bacharelato e Psicoloxía en 2º de Bacharelato.

Juan Manuel Nieto Martín, que imparte: Valores Éticos na ESO, Filosofía en 1º de Bacharelato de adultos e Historia da filosofía 2º Bacharelato diúrno e de adultos.

Bruno Formoso Andón, que imparte: Filosofía, en 4º da ESO e en 1º de Bacharelato diúrno.

II. CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

O IES Armando Cotarelo Valledor comeza a funcionar no curso 1992/93, como desdobre do Instituto de F.P. Fermín Bouza Brey do que se traslada a rama administrativa-comercial e a de secretariado para este novo centro. Introdúcese tamén o 3º curso da ESO e dous grupos de 2º de BUP que non tiñan cabida nos outros centros de ensinanza media da vila.

O alumnado da ESO procede dos colexios adscritos de Rubiáns e de Vilaxoán, aínda que tamén se acollen alumnos/as doutros centros da zona.

O alumnado de Bacharelato provén maioritariamente do noso alumnado da ESO, aínda que cada ano tamén se incorporan alumnos/as dos outros centros de Vilagarcía ou de concellos limítrofes.

O alumnado que opta pola oferta dos ciclos formativos procede tanto do propio concello, como de concellos limítrofes e doutros máis afastados: Valga, Catoira, Caldas, Vilanova, Illa de Arousa, O Grove, Rianxo, A Estrada, etc.

A transformación do IES Fermín Bouza Brey en CIFP no presente curso ten como consecuencia unha grande afluencia de alumnado da ESO e de Bacharelato deste centro ao IES Armando Cotarelo Valledor no curso 2022 – 2023.

Situación socio-económica e cultural do contorno

O Centro atópase situado na parroquia de Sobradelo, na periferia de Vilagarcía, a 2 km. do centro urbano, nunha zona limítrofe entre Sobradelo e Vilaxoán.

As principais actividades económicas do entorno son:

Pesca e marisqueo

Agricultura

Hostalería

Conserva (actualmente en plena decadencia)

Acuicultura (parques flotantes de mexillón e ostra, cetarias e depuradoras)

Comercio, actividades industriais e outras

Atendendo aos resultados extraídos da última avaliación externa, o Índice Socioeconómico e Cultural (ISEC) que lle corresponde ao centro é **baixo**.

Algúns problemas que non podemos obviar como centro de ensino son os seguintes:

- A elevada taxa de desemprego existente na comarca, así como o escaso tecido industrial.
- A valoración negativa que existe sobre a posibilidade de acceder ao mundo laboral en condicións minimamente dignas (o que, xunto coas poucas expectativas de continuar estudos superiores, é fonte dunha gran desmotivación).
- O escaso -nalgúns casos nulo- hábito de estudo e mesmo de lectura do noso alumnado.
- Respecto á lingua, o alumnado, maioritariamente, exprésase en castelán.

III. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA «FILOSOFÍA» AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave, por unha banda, permítennos identificar as aprendizaxes imprescindibles para o alumnado e, por outra, achegan unha visión integradora do proceso de aprendizaxe. Isto quere dicir que, aínda que as áreas e materias son as que ofrecen os contidos concretos diferenciados, a aprendizaxe deberá facerse desde unha perspectiva integradora e de colaboración.

Queda recollido no seguinte apartado da programación.

IV. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, CONTIDOS, COMPETENCIAS CLAVE, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CORRECCIÓN

TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN AGRUPADA DOS ESTÁNDARES DO CURSO			
CURSO	Filosofía 4º		
NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	ÁREA	Filosofía (FI)

CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN		Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo para superar o estándar	C.C. do estándar	TRIMESTRES		
Procedemento e instrumento	Peso				T1	T2	T3
PROCEDEMENTO: Intercambios orais co alumnado INSTRUMENTO: Posta en común e tarefas encargadas en cada UD	25%	4º-FIB1.6.1-Diserta sobre as posibilidades da filosofía segundo as súas funcionalidades.	Diserta (de xeito oral ou escrito) sobre as posibilidades da filosofía segundo as súas funcionalidades.	CCL	X		
		4º-FIB1.1.2. Distingue entre, coñecer, opinar, argumentar, interpretar, razoar, analizar, criticar, descubrir e crear.	En pequenos grupos, repártense os conceptos do estándar e logo póñense en común.	CCL	x		
		4º-FIB2.15.1-Desenvolve de forma colaborativa un glosario para publicar en internet, coa terminoloxía filosófica da unidade.	Elabora un glosario coa terminoloxía filosófica da unidade.	CD CSC	X	x	x
		4º-FIB2.16.3-Argumenta a súa opinión sobre a relación entre o corpo e a mente ou alma.	Argumenta a súa opinión sobre relación entre o corpo e a mente ou alma.	CAA	X		

<p>4º-FIB3.1.1-Define e utiliza conceptos como individualidade, alteridade, socialización, estado de natureza, dereitos naturais, contrato social, respecto, propiedade, Estado, lexitimación, institucionalización, rol, status, conflito e cambio social, e globalización.</p>	<p>En pequeno grupo repártense os conceptos do estándar e póñense en común.</p>	<p>CCL CSC</p>			<p>X</p>
<p>4º-FIB4.1.1-Define e utiliza conceptos como razón, sentidos, experiencia, abstracción, universalidade, sistematicidade, racionalismo, dogmatismo, empirismo, límite, intelixencia, intelixencia emocional, certeza e erro.</p>	<p>En pequeno grupo repártense os conceptos do estándar e póñense en común.</p>	<p>CCL</p>	<p>X</p>		
<p>4º-FIB5.1.1-Define e utiliza conceptos como metafísica, realidade, pregunta radical, esencia, natureza, cosmos, caos, creación, finalismo, continxente, mecanicismo e determinismo.</p>	<p>En pequeno grupo repártense os conceptos do estándar e póñense en común.</p>	<p>CCL</p>		<p>X</p>	
<p>4º-FIB5.2.1-Expresa as dúas posibles respostas á pregunta pola orixe do Universo (é eterno ou foi creado), e expón as súas reflexións sobre as implicacións relixiosas e filosóficas de ambas as dúas.</p>	<p>Divídese ao alumnado en tres grupos: dous escollerán unha das dúas respostas mencionadas; o terceiro fará de "xurado", valorando as respectivas argumentacións.</p>	<p>CAA CCEC CMCT</p>		<p>X</p>	

<p>4º-FIB5.2.2-Expón as dúas posturas sobre a cuestión acerca de se o Universo ten unha finalidade, unha dirección, ou se non a ten, e argumenta filosoficamente a súa opinión ao respecto.</p>	<p>Divídese ao alumnado en tres grupos: dous escollerán unha das dúas respostas mencionadas; o terceiro fará de "xurado", valorando as respectivas argumentacións.</p>	<p>CAA CMCT</p>		<p>X</p>	
<p>4º-FIB5.3.1-Define o que é o determinismo e o indeterminismo, no marco da reflexión sobre se existe unha orde no Universo rexida por leis.</p>	<p>Divídese ao alumnado en tres grupos: dous escollerán unha das dúas respostas mencionadas; o terceiro fará de "xurado", valorando as respectivas argumentacións.</p>	<p>CMCT</p>		<p>X</p>	
<p>4º-FIB5.2.3. Analiza textos cuxo punto de reflexión é a realidade física que nos rodea e os interrogantes filosóficos que suscita.</p>	<p>É quen de formular cuestións filosóficas acerca das problemáticas suscitadas pola realidade física.</p>	<p>CCL</p>		<p>X</p>	
<p>4º-FIB5.4.2-Analiza textos literarios, filosóficos e científicos que versan sobre temas metafísicos como a existencia, a morte, o devir histórico ou o lugar do individuo na realidade, e expón as súas propias reflexións ao respecto.</p>	<p>A partir de textos literarios, filosóficos e científicos que versan sobre temas metafísicos como a existencia, a morte, o devir histórico ou o lugar do individuo na realidade, expón as súas propias reflexións ao respecto.</p>	<p>CCL</p>		<p>X</p>	
<p>4º-FIB6.2.1-Explica o que é o libre albedrío e a facultade humana da vontade.</p>	<p>Elabora unha relación de actividades propias realizadas voluntariamente, distinguíndoas das outras.</p>	<p>CCL</p>		<p>X</p>	

<p>4º-FIB6.3.1-Expón as súas reflexións sobre a posibilidade de que exista ou non o libre albedrío, tendo en conta os avances no coñecemento da xenética e a neurociencia.</p>	<p>Realización en común dunha listaxe e elaboración individual dun breve ensaio no que se expoña a propia opinión.</p>	<p>CSC CMCT</p>		<p>X</p>	
<p>4º-FIB6.4.1-Argumenta sobre as posibilidades do ser humano de actuar libremente, tendo en conta que é un ser natural.</p>	<p>Elaboración conxunta dunha relación de actividades necesariamente vencelladas á nosa condición de seres naturais.</p>	<p>CCL CSC</p>		<p>X</p>	
<p>4º-FIB6.5.1-Expresa diferentes posturas de filósofos en torno ao tema da liberdade.</p>	<p>Exercicio en tres grupos: defensores da existencia da liberdade, da non existencia da liberdade e "xurado".</p>	<p>CSC</p>		<p>X</p>	
<p>4º-FIB6.6.1-Define e utiliza conceptos como estética, creatividade, sinapse neuronal, imaxinación, pensamento diverxente, pensamento converxente e serendipia.</p>	<p>Realización conxunta de diversos exercicios de pensamento diverxente.</p>	<p>CCL CMCT</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	
<p>4º-FIB6.7.2-Explica o que é a imaxinación e exemplifícaa mediante a redacción de relatos breves de temática filosófica.</p>	<p>Realización individual e posterior posta en común de relatos creativos.</p>	<p>CCL CSIEE</p>		<p>X</p>	

	4º-FIB6.8.1-Analiza textos de literatura fantástica, considerando os elementos especificamente creativos e reflexionando sobre eles.	Análise conxunta de textos de literatura fantástica na procura das claves creativas dos mesmos.	CCL CSIEE			X
	4º-FIB6.10.2-Explica as principais técnicas de desenvolvemento da creatividade.	Desenvolvemento persoal e posta en común dalgunhas das máis coñecidas técnicas de desenvolvemento da creatividade.	CSIEE			X
	4º-FIB6.11.1-Utiliza de forma colectiva a técnica do brainstorming para reflexionar sobre temas filosóficos tratados durante o curso.	Posta en práctica do "brainstorming" para afrontar algún problema escollido polo grupo.	CAA CSC			X
	4º-FIB6.13.1-Explica as características das persoas especialmente creativas e algunhas das formas en que pode potenciarse esta condición.	Elaboración conxunta dunhas "Instrucións para converterse nunha persoa creativa"	CCEC CSIEE			X
	4º-FIB6.14.1-Argumenta sobre a importancia de asumir riscos e saír da chamada zona de confort para alcanzar metas e lograr resultados creativos e innovadores.	Realiza na aula ou relata algunha actividade que supoña unha saída da "zona de confort".	CSIEE			X

PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Tarefas encargadas en cada UD	25%	4º-FIB1.2.2-Le textos interpretativos e descritivos da formación do Cosmos e o ser humano, pertencentes ao campo mitolóxico e ao campo racional, e extrae semellanzas e diferenzas nas formulacións	Le textos interpretativos e descritivos da formación do cosmos e o ser humano, pertencentes ao campo mitolóxico e ao campo racional, e extrae semellanzas e diferenzas nas formulacións.	CCL	X		
		4º-FIB1.3.1-Describe as primeiras respostas presocráticas á pregunta polo arché, coñece os seus autores e reflexiona por escrito sobre as solucións de interpretación da realidade expostas por Heráclito, Parménides e Demócrito.	Investiga as solucións de interpretación da realidade expostas por algúns dos autores presocráticos e compárteas co resto do alumnado.	CCL CCEC		X	
		4º-FIB1.4.1-Compara a interpretación do ser humano e a sociedade defendida por Sócrates coa exposta por Protágoras, e argumenta a súa propia postura.	Compara a interpretación do ser humano e a sociedade defendida por Sócrates coa exposta por Protágoras, e argumenta a súa propia postura. (Faranse tres grupos: un escollerá a Sócrates, outro a Protágoras, e o terceiro será o "xurado" que valorará as distintas argumentacións).	CSC		X	
		4º-FIB2.1.1-Define e utiliza conceptos como personalidade, temperamento, carácter, conciencia, inconsciencia, condutismo, cognitivismo, psicoloxía humanística, psicanálise, e elabora un glosario con eses termos.	En pequenos grupos, distribúense os conceptos do estándar e póñense en común.	CCL	X		

<p>PROCEDEMENTO: Análise das producións do alumnado</p> <p>INSTRUMENTO: Probas escritas e tarefas encargadas en cada UD</p>	50%	<p>4º-FIB1.1.1-Define e utiliza conceptos como filosofía, mito, <i>logos</i>, saber, opinión, abstracto, concreto, razón, sentidos, arché, causa, monismo, dualismo, pluralismo, substancia ou prexuízo, e elabora un glosario con eles.</p>	<p>Coñece o significado dos termos do estándar e emprégaos con rigor, quedando todos eles recollidos nun glosario.</p>	CAA	X	X	
		<p>4º-FIB1.1.2-Distingue entre coñecer, opinar, argumentar, interpretar, razoar, analizar, criticar, descubrir e crear.</p>	<p>É capaz de distinguir os conceptos do estándar a partir de exemplos propostos.</p>	CCL	X		
		<p>4º-FIB1.2.1-Explica as diferenzas entre a explicación racional e a mitolóxica, en comparación tamén con algunhas características xerais das filosofías orientais.</p>	<p>Expón as diferenzas entre un texto mitolóxico e outro racional.</p>	CCEC	X		
		<p>4º-FIB1.2.2-Le textos interpretativos e descritivos da formación do Cosmos e o ser humano, pertencentes ao campo mitolóxico e ao campo racional, e extrae semellanzas e diferenzas nas formulacións</p>	<p>Le textos interpretativos e descritivos da formación do cosmos e o ser humano, pertencentes ao campo mitolóxico e ao campo racional, e extrae semellanzas e diferenzas nas formulacións.</p>	CCL	X	X	X
		<p>4º-FIB1.3.1-Describe as primeiras respostas presocráticas á pregunta polo</p>	<p>Investiga as solucións de interpretación da realidade expostas por algúns dos</p>	CCL		X	

		arché, coñece os seus autores e reflexiona por escrito sobre as solucións de interpretación da realidade expostas por Heráclito, Parménides e Demócrito.	autores presocráticos e compárteas co resto do alumnado.	CCEC			
		4º-FIB1.4.1-Compara a interpretación do ser humano e a sociedade defendida por Sócrates coa exposta por Protágoras, e argumenta a súa propia postura.	Compara a interpretación do ser humano e a sociedade defendida por Sócrates coa exposta por Protágoras, e argumenta a súa propia postura.	CSC		X	
		4º-FIB1.5.1-Realiza pequenos ensaios, argumentando as súas opinións de xeito razoado, no que pretenda dar sentido a algún conxunto de experiencias.	Realiza pequenos ensaios, argumentando as súas opinións de xeito razoado.	CAA CCL	X	X	X
		4º-FIB1.6.1-Diserta sobre as posibilidades da filosofía segundo as súas funcionalidades.	Diserta (de xeito oral ou escrito) sobre as posibilidades da filosofía segundo as súas funcionalidades.	CCL	X		
		4º-FIB2.1.1-Define e utiliza conceptos como personalidade, temperamento, carácter, conciencia, inconsciencia, condutismo, cognitivismo, psicoloxía humanística, psicanálise, e elabora un glosario con eses termos.	Coñece o significados dos conceptos do estándar e emprégaos con rigor, quedando recollidos nun glosario.	CCL		x	

		4º-FIB2.2.1-Define e caracteriza o que é a personalidade.	Define e caracteriza o que é a personalidade.	CCL		x	
		4º-FIB2.3.1-Coñece as teses fundamentais sobre a personalidade e argumenta sobre iso.	Coñece as teses fundamentais sobre a personalidade e argumenta sobre iso.	CCL		x	
		4º-FIB2.4.1-Le textos literarios nos que se analiza a personalidade dos personaxes, identifica os trazos e os tipos de personalidade, e reflexiona por escrito sobre a temática.	Le textos literarios (propostos polo profesorado) nos que se analiza a personalidade dos personaxes, identifica os trazos e os tipos de personalidade, e reflexiona por escrito sobre a temática.	CAA CCL			x
		4º-FIB2.5.1-Analiza que se entende por inconsciente.	Analiza que se entende por inconsciente.	CCEC	x	x	
		4º-FIB2.6.1-Le e analiza textos filosóficos, literarios ou científicos cuxo punto de reflexión sexa a herdanza adquirida na formación da personalidade, incidindo no autocoñecemento.	Le e analiza textos filosóficos, literarios ou científicos (propostos polo profesorado) cuxo punto de reflexión sexa a herdanza adquirida na formación da personalidade, incidindo no autocoñecemento.	CAA CCL CMCT	X		
		4º-FIB2.7.1-Investiga e selecciona	Investiga e selecciona información	CCL CD	X		

		información significativa sobre conceptos fundamentais de filosofía da mente.	significativa sobre conceptos fundamentais de filosofía da mente.				
		4º-FIB2.8.1-Define e utiliza con rigor conceptos como motivación, emoción, sentimento, necesidades primarias e secundarias, autorrealización, vida afectiva e frustración.	Coñece o significado dos conceptos do estándar e emprégaos con rigor.	CCL	X		
		4º-FIB2.9.1-Explica as teses máis importantes da teoría cognitiva acerca do coñecemento e a motivación.	Explica as principais teses da teoría cognitiva acerca do coñecemento e a motivación.	CAA	X		
		4º-FIB2.10.1-Explica as ideas centrais da teoría humanística sobre a motivación e expresa a súa opinión razoada ao respecto.	Explica a idea central da teoría humanística sobre a motivación e expresa a súa opinión razoada ao respecto.	CAA CCL			x
		4º-FIB2.10.2-Explica e compara a visión sobre a motivación da teoría cognitivista e a da teoría humanística sobre a motivación.	Explica e compara a visión sobre a motivación da teoría cognitivista e a da teoría humanística sobre a motivación.	CAA			x

		4º-FIB2.11.1-Analiza e argumenta sobre textos breves e significativos de autores salientables sobre as emocións, e argumenta por escrito as propias opinións.	Analiza e argumenta sobre textos breves e significativos de autores salientables sobre as emocións, e argumenta por escrito as propias opinións.	CCL			X
		4º-FIB2.12.1-Analiza textos e diserta sobre a incidencia das emocións, como a frustración, o desexo ou o amor, entre outras, na conduta humana.	Analiza textos e diserta sobre a incidencia das emocións, como a frustración, o desexo ou o amor, entre outras, na conduta humana.	CCL CSC		X	
		4º-FIB2.13.1-Argumenta sobre o papel das emocións para estimular a aprendizaxe, o rendemento, o logro de obxectivos e a resolución de problemas, entre outros procesos.	Argumenta sobre o papel das emocións para estimular a aprendizaxe, o rendemento, o logro de obxectivos e a resolución de problemas, entre outros procesos.	CAA CCL			X
		4º-FIB2.14.1-Analiza textos en que se describe o papel das emocións como estímulo da iniciativa, a autonomía e o emprendemento.	Analiza un texto en que se describe o papel das emocións como estímulo da iniciativa, a autonomía e o emprendemento.	CCL CSIEE			X
		4º-FIB2.15.1-Desenvolve de forma colaborativa un glosario para publicar en internet, coa terminoloxía filosófica da unidade.	Desenvolve de forma colaborativa un glosario coa terminoloxía filosófica da unidade.	CD CSC	X	X	X

		4º-FIB2.16.1-Explica a teoría da alma de Platón.	Explica a teoría da alma de Platón.	CCEC	X	X	
		4º-FIB2.16.2-Explica a teoría da alma de Aristóteles.	Explica a teoría da alma de Aristóteles.	CCEC	X	X	
		4º-FIB2.17.1-Explica o que é a introspección segundo Agostiño de Hipona, utilizando este tipo de pensamento en primeira persoa para describirse a si mesmo/a.	Elabora durante unha semana no seu caderno de clase un pequeno diario no que recolle as súas impresións persoais do que lle acontece.	CAA		X	
		4º-FIB2.18.1-Expón o significado da tese de Descartes "Penso, logo existo".	Expón o significado da tese de Descartes "Penso, logo existo".	CCEC	X		
		4º-FIB2.18.2-Expón as súas reflexións sobre as implicacións do materialismo na súa descrición do ser humano.	Expón as súas reflexións sobre as implicacións do materialismo na súa descrición do ser humano.	CCEC CSC		X	
		4º-FIB2.19.1-Explica o que é a vontade.	Explica o que é a vontade.	CCL		X	

		4º-FIB2.20.1-Argumenta, desde o plano filosófico, sobre o papel das emocións na consideración do ser humano en canto tal.	Explica de maneira xenérica que son as emocións e indica cal e o papel que xogan na vida do individuo.	CCL		X	
		4º-FIB2.21.1-Expresa e desenvolve a idea de home como proxecto.	Expón o seu propio proxecto vital.	CCL CSIEE		X	x
		4º-FIB3.2.1-Define e explica o significado dos conceptos de cultura e de sociedade, facendo referencia aos compoñentes socioculturais que hai no ser humano.	Define e explica o significado dos conceptos de cultura e de sociedade, facendo referencia aos compoñentes socioculturais que hai no ser humano.	CCEC CCL		x	X
		4º-FIB3.3.1-Expresa algúns dos principais contidos culturais, como son as institucións, as ideas, as crenzas, os valores, os obxectos materiais, etc.	Expresa algúns dos principais contidos culturais, como son as institucións, as ideas, as crenzas, os valores, os obxectos materiais, etc.	CCEC		x	X
		4º-FIB3.3.2-Coñece os niveis aos que se realiza a internalización dos contidos culturais dunha sociedade; é dicir, a nivel biolóxico, afectivo e cognitivo.	Coñece os niveis aos que se realiza a internalización dos contidos culturais dunha sociedade; é dicir, a nivel biolóxico, afectivo e cognitivo.	CAA CCEC		X	
		4º-FIB3.4.1-Describe a socialización	Describe a socialización primaria e	CSC		X	

	primaria e secundaria.	secundaria.				
	4º-FIB3.5.1-Explica as teses fundamentais sobre a orixe da sociedade e o Estado.	Explica unha das teses fundamentais sobre a orixe da sociedade e o Estado.	CSC			X
	4º-FIB3.6.1-Explica o que é unha civilización e pon exemplos fundamentados, e investiga e reflexiona sobre as semellanzas e as diferenzas entre oriente e occidente.	Explica o que é unha civilización e pon exemplos fundamentados, e investiga e reflexiona sobre as semellanzas e as diferenzas entre oriente e occidente.	CAA CCEC CSC		x	X
	4º-FIB3.7.1-Explica o que é a comunicación e reflexiona sobre as vantaxes e os inconvenientes cando a ferramenta para ela son as novas tecnoloxías.	Analiza diversas situacións comunicativas poñendo atención na presenza ou non nelas das novas tecnoloxías.	CD	x	X	x
	4º-FIB3.8.1-Reflexiona por escrito sobre o papel activo dun/dunha mesmo/a no seu contexto sociocultural, como ser capaz de innovar e xerar cambios culturais.	Reflexiona por escrito sobre o papel activo dun/dunha mesmo/a no seu contexto sociocultural, como ser capaz de innovar e xerar cambios culturais.	CCL CSIEE			X
	4º-FIB3.9.1-Coñece o relativismo cultural	Achega exemplos de relativismo cultural	CAA		X	X

		e o etnocentrismo, e reflexiona sobre eles, expresando conclusións propias e achegando exemplos con feitos investigados e contrastados en internet.	e de etnocentrismo.	CCEC CD			
		4º-FIB4.1.2-Explica o que é a racionalidade e describe algunhas das súas características.	Explica o que é a racionalidade e describe algunhas das súas características.	CCL	x	X	
		4º-FIB4.2.1-Explica a concepción sobre as posibilidades da razón.	Elabora un escrito sinxelo sobre as posibilidades da razón.	CCL	X	x	
		4º-FIB4.3.1-Identifica as dúas posibilidades de aplicación da racionalidade: teórica e práctica.	Identifica as dúas posibilidades de aplicación da racionalidade: teórica e práctica.	CAA CCEC	x	x	X
		4º-FIB4.4.1-Explica as teses centrais da teoría da intelixencia emocional.	Explica as teses centrais da teoría da intelixencia emocional.	CSC		X	
		4º-FIB4.4.2-Argumenta sobre a relación entre a razón e as emocións.	Argumenta sobre a relación entre a razón e as emocións.	CCL CSC		X	

		4º-FIB4.5.1-Define algúns tipos de verdade, como son a verdade como correspondencia, a verdade segundo o pragmatismo americano e a verdade desde o perspectivismo.	Pon exemplos dalgúns tipos de verdade, como son a verdade como correspondencia, a verdade segundo o pragmatismo americano e a verdade desde o perspectivismo.	CCL	X		
		4º-FIB4.5.2-Reflexiona sobre a parte positiva de equivocarse e a importancia do erro como posibilidade de procura de novas estratexias e solucións.	Reflexiona sobre a parte positiva de equivocarse e a importancia do erro como posibilidade de procura de novas estratexias e solucións.	CAA CSIEE			X
		4º-FIB5.1.2-Define o que é a metafísica, o seu obxecto de coñecemento e o seu modo característico de preguntar sobre a realidade.	Define o que é a metafísica, o seu obxecto de coñecemento e o seu modo característico de preguntar sobre a realidade.	CCEC		X	
		4º-FIB5.2.3-Analiza textos cuxo punto de reflexión é a realidade física que nos rodea e os interrogantes filosóficos que suscita.	Analiza textos cuxo punto de reflexión é a realidade física que nos rodea e os interrogantes filosóficos que suscita.	CCL	X	X	
		4º-FIB5.4.1-Coñece as teses centrais do vitalismo de filósofos/as que reflexionan sobre a vida.	Expón algunha as teses centrais do vitalismo de filósofos/as que reflexionan sobre a vida, relacionándoas coa súa propia experiencia vital.	CCEC		X	X

		4º-FIB5.4.2-Analiza textos literarios, filosóficos e científicos que versan sobre temas metafísicos como a existencia, a morte, o devir histórico ou o lugar do individuo na realidade, e expón as súas propias reflexións ao respecto.	A partir de textos literarios, filosóficos e científicos que versan sobre temas metafísicos como a existencia, a morte, o devir histórico ou o lugar do individuo na realidade, expón as súas propias reflexións ao respecto.	CCL		X	
		4º-FIB6.1.1-Define e utiliza conceptos como vontade, liberdade negativa, liberdade positiva, autodeterminación, libre albedrío, determinismo, indeterminismo e condicionamento.	A partir de situacións reais da vida cotiá, determina se é pertinente aplicar algún dos conceptos sinalados no estándar.	CSC		X	X
		4º-FIB6.1.2-Analiza textos breves sobre o tema da liberdade, e argumenta a propia opinión.	É quen de argumentar sobre a súa propia liberdade no seu contexto vital.	CSC			X
		4º-FIB6.2.1-Explica o que é o libre albedrío e a facultade humana da vontade.	Elabora unha relación de actividades propias realizadas voluntariamente, distinguíndoas das outras.	CCL		X	X
		4º-FIB6.3.1-Expón as súas reflexións sobre a posibilidade de que exista ou non o libre albedrío, tendo en conta os avances no coñecemento da xenética e a neurociencia.	Reflexiona sobre a posibilidade de que exista o libre albedrío.	CSC CMCT		X	X

	4º-FIB6.4.1-Argumenta sobre as posibilidades do ser humano de actuar libremente, tendo en conta que é un ser natural.	Elaboración dunha relación de actividades necesariamente vencelladas á nosa condición de seres naturais.	CCL CSC		X	X
	4º-FIB6.5.1-Expresa diferentes posturas de filósofos en torno ao tema da liberdade.	É quen de disertar sobre a liberdade.	CSC			X
	4º-FIB6.6.1-Define e utiliza conceptos como estética, creatividade, sinapse neuronal, imaxinación, pensamento diverxente, pensamento converxente e serendipia.	Coñece o significados dos conceptos do estándar e emprégaos con rigor.	CCL CMCT			X
	4º-FIB6.7.1-Le e comenta textos breves e significativos sobre o mecanismo de aparición de ideas novas.	Le e comenta textos breves e significativos sobre o mecanismo de aparición de ideas novas.	CAA CCL			X
	4º-FIB6.7.2-Explica o que é a imaxinación e exemplifícaa mediante a redacción de relatos breves de temática filosófica.	Realización individual de relatos creativos.	CCL CSIEE			X
	4º-FIB6.8.1-Analiza textos de literatura	Análise de textos de literatura fantástica.	CCL			X

		fantástica, considerando os elementos especificamente creativos e reflexionando sobre eles.	na procura das claves creativas dos mesmos.	CSIEE			
		4º-FIB6.9.1-Explica as fases do proceso creativo.	Explica as fases do proceso creativo.	CSIEE			X
		4º-FIB6.10.1-Utiliza a técnica de desenvolvemento da creatividade coñecida como de revisión de supostos e inversión, e aplícaa sobre algunha teoría filosófica ou científica.	Utiliza a técnica de desenvolvemento da creatividade coñecida como de revisión de supostos e inversión, e aplícaa sobre algunha teoría filosófica ou científica.	CAA			X
		4º-FIB6.10.2-Explica as principais técnicas de desenvolvemento da creatividade.	Desenvolvemento persoal dalgunhas das máis coñecidas técnicas de desenvolvemento da creatividade.	CSIEE			X
		4º-FIB6.12.1-Argumenta sobre o papel da liberdade como condición fundamental para a creación, e razoa a súa opinión.	Argumenta sobre o papel da liberdade como condición fundamental para a creación, e tenta descubrir impedimentos que a dificultan.	CCL CSC			X
		4º-FIB6.13.1-Explica as características das persoas especialmente creativas e algunhas das formas en que pode	Comprende e explica as principais extratexias para o desenvolvemento da creatividade.	CCEC CSIEE			X

		potenciarse esta condición.					
--	--	-----------------------------	--	--	--	--	--

RÚBRICAS

RÚBRICA - EXPOSICIÓN ORAL								
Criterios	Excelente 4 SOB/NOT	Bu nivel 3 NOT/DE	Aceptable 2 SOB	Non aceptable 1 INS	Puntuación			
Contidos	Adáptase ao tema e abórdao en profundidade usando exemplos.	Coñece o tema pero usa poucos exemplos.	Ideas correctas, pero incompleto e sen exemplos.	Ideas simples				
Comunicación verbal e xestual	Tono de voz apropiado, linguaxe precisa. Utiliza xestos para aumentar a expresividade do seu discurso.	Fluída, o público amosa interese. Utiliza poucos xestos.	Secuenciación correcta pero seccións illadas.	Mal estruturado e difícil de entender				
Comprende o texto	Fala do que ten que expoñer sen ler.	Fala do que ten que expoñer usando un guión.	Le parte do que ten que expoñer usando un guión.	Le todo o que ten que expoñer.				
Materiais de soporte	Moi interesantes e atractivos.	Adecuados, axudaron a entender os conceptos.	Adecuados pero infrutilizados.	Poucos e non moi acertados.				
TOTAL:								

RÚBRICA - TRABALLO ESCRITO

Craterios	Excelente 4	SOB/NOT	Bo nivel 3	NOT/BE	Aceptable 2	SUF	Non aceptable 1	INS	Puntuación
Contidos	A información é excelente: entendeu o tema, reflexionou e chegou a conclusións.		A información é clara e mostra certa reflexión sobre o tema.		O contido demostra que entendeu o que traballou.		Información a un nivel moi simple.		
Organización dos contidos.	Mostra unha planificación coidadosa e una secuenciación lóxica e clara.		A organización é adecuada e os apartados están relacionados entre si.		Cubríronse as diferentes seccións pero non hai conexión nin transición entre elas.		Confuso, incompleto e sen unha dirección clara.		
Aspectos lingüísticos.	Fluído e cun bo nivel lingüístico. Non presenta erros ortográficos e/ou sintácticos que dificulten ou imposibiliten o entendemento.		Fluído e claro pero presenta algúns erros ortográficos e/ou sintácticos que dificultan o entendemento.		Adecuado a pesar de presentar numerosos erros ortográficos e/ou sintácticos que dificultan o entendemento.		Moitos erros ortográficos e/ou sintácticos, que fan o contido moi difícil ou imposible de entender.		
Presentación	A presentación está moi traballada e é moi atractiva visualmente.		A presentación é correcta e visual.		A presentación é correcta pero pouco atractiva.		Pouco elaborada. Pouco visual. Non utiliza imaxes, gráficos, enlaces, etc.		
Regularidade	Toma notas na clase cada día que hai materia e fai todas as actividades propostas.		Toma notas na clase unha ou dúas veces por semana (de media, dependendo da semana) e fai a maioría das actividades propostas.		Toma notas en clase de xeito irregular e fai aproximadamente a metade das actividades propostas.		Apenas escribe ou non escribe nunca durante as clases. Apenas fai as actividades ou non fai ningunha.		

TOTAL:

RÚBRICAS - TRABALLO GRUPAL

Craterios	Excelente 4	SOB/NOT	Bo nivel 3	NOT/BE	Aceptable 2	SUF	Non aceptable 1	INS	Puntuación
Contribucións ao grupo	Todo o grupo se implicou no traballo de forma similar.		Todos os membros do grupo colaboraron, aínda que a diferentes niveis.		Case todos os membros do grupo se implicaron e completaron ás súas tarefas.		Só parte do grupo se implicou.		
Posta en común	As discusións axudaron á cohesión do grupo como equipo de traballo.		A posta en común serviu para planificar e resolver dúbidas.		Non houbo conflitos pero non todos participaron por igual.		Houbo conflitos nas discusións de grupo.		
Autonomía	Os problemas discutíronse no grupo e buscáronse solucións conxuntas.		Con frecuencia os problemas resolvéronse no seo do grupo.		Poucas veces necesitaron axuda do profesor/a.		Continuamente necesitaron ao profesor/a.		
TOTAL:									

RÚBRICAS - APRENDER A APRENDER

Craterios	Excelente 4	SOB/NOT	Bo nivel 3	NOT/BE	Aceptable 2	SUF	Non aceptable 1	INS	Puntuación
Ter conciencia das capacidades de aprendizaxe: Atención, concentración, memoria, comprensión e expresión e motivación de logro.	É capaz de identificar en que medida as súas capacidades de aprendizaxe inflúen nos seus éxitos ou fracasos		É consciente das súas capacidades de aprendizaxe, pero non as distingue en situacións concretas.		Recoñece só algunha das súas capacidades de aprendizaxe.		Non coñece as súas capacidades de aprendizaxe e/ou atribúe os seus fracasos a factores externos.		
Adquirir responsabilidades e compromisos persoais sendo perseverante na aprendizaxe.	Potencia as súas capacidades de aprendizaxe e comprométese en superar as deficiencias con perseveranza.		É perseverante na responsabilidade de mellorar algunha das súas capacidades de aprendizaxe a curto prazo.		Mostra interese en mellorar as propias capacidades de aprendizaxe, pero non persevera.		Non manifesta interese en mellorar o seu propio aprendizaxe.		

Obter un rendemento máximo das capacidades de aprendizaxe coa axuda de estratexias e técnicas de estudo.	Selecciona estratexias e técnicas de estudo adecuadas para obter un rendemento máximo das súas capacidades.	Usa estratexias ou técnicas de estudo adecuadas pero non suficientes para lograr un rendemento máximo.	Usa estratexias ou técnicas de estudo inadecuadas para mellorar o seu rendemento.	Non usa ningunha estratexia ou técnica de estudo para mellorar o seu rendemento.	
Adquirir confianza en si mesmo e goce por aprender.	Goza das aprendizaxes e manifesta interese e curiosidade para ampliar os seus coñecementos.	Goza e manifesta interese nalgúns aspectos da súa aprendizaxe.	Esfórzase en aprender aínda que non ten confianza nas súas propias capacidades.	Non cre nas súas propias capacidades para aprender ou non as utiliza.	
TOTAL:					

V. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

A didáctica debe considerarse como fonte científica da metodoloxía, que se desenvolverá na materia desde múltiples propostas, desta forma, a comunicación didáctica permitirá acadar as seguintes vantaxes:

Coherencia diacrónica	Ao dar continuidade aos modos de facer do curso anterior, poden ser boas fibras transversais que reforcen a transición dun nivel ao seguinte. Esta posibilidade fai que a metodoloxía didáctica sexa un contido pedagóxico do proxecto educativo de centro de primeira magnitude.
Coherencia sincrónica	Polo feito de ofrecer formatos comúns de ensinanza para equipos didácticos e departamentos diferentes, esta colaboración favorecerá a coordinación metodolóxica, posibilitando un estilo e congruencia positivo para a construción cooperativa dos proxectos didácticos de etapa, nivel, programación de aula ou de unidades didácticas.
Enriquecemento de unidades didácticas e desenvolvemento das unidades	As múltiples propostas metodolóxicas poden enriquecer o deseño e didácticas, complementándoas ou formando parte delas. En calquera caso, poderán atender ás distintas competencias clave.
Individualización da comunicación profesorado-alumnado e unha	Favorece a individualización da ensinanza, a calidade da

Mellora da avaliación

Pódese incrementar o carácter continuo e formativo da avaliación e propiciar que os procesos de auto e coavaliación ocupen un lugar natural nos procesos de comunicación educativa.

VI. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Materiais didácticos elaborados polo departamento de Filosofía.

Ordenador con aplicacións de vídeo (proxector) e audio.

Taboleiro e rotulador.

Aula virtual da materia e blog do departamento.

VII. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN, CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

A avaliación debe servir non só para avaliar os progresos dos alumnos/as senón tamén para orientar e guiar o proceso de ensino-aprendizaxe.

As características que presenta a avaliación son as seguintes:

- Individualizada
- Integradora
- Cualitativa
- Diagnóstica e orientadora
- Continua

O profesorado avaliará ao alumnado tendo en conta os diferentes elementos do currículo. Os criterios de avaliación serán o elemento que permita valorar, tanto o grado de adquisición das competencias básicas como o de consecución dos distintos estándares de aprendizaxe.

Co fin de garantir o dereito que asiste aos alumnos/as a que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, os profesores/as informarán ao alumnado do que se vai a estudar, de que e cando se vai a avaliar e de cómo se vai a cualificar.

Empregaranse como instrumentos de avaliación:

- Observación sistemática:
 - o Actividades realizadas, tanto na aula como na casa, que permitan avaliar o traballo do alumno/a.
 - o Intervencións do alumnado en clase.
 - o Observación dos hábitos de traballo e das estratexias de estudo no manexo do material didáctico.
- Traballos monográficos ou interdisciplinares individuais e grupais.
- Probas escritas (ou, de ser o caso, orais) que permitan a comprobación do grao de adquisición dos estándares de aprendizaxe.

Os criterios de cualificación establécense da seguinte maneira:

- Tarefas encargadas en cada UD: 40%
- Postas en común na aula: 10%
- Probas escritas: 50%

Para obter o aprobado o alumno deberá acadar, unha vez aplicados estes criterios, a nota de 5 sobre 10. Calquera intento de copia ou plaxio significará automaticamente a non superación dos contidos a tratar na correspondente tarefa ou proba e a conseguinte obrigatoriedade de acollerse aos plans de recuperación propostos nesta programación.

Tras a avaliación final ordinaria, o profesor/a elaborará, en acordo co Departamento, un plan de actividades de recuperación das aprendizaxes non acadadas por cada estudante. O obxectivo é preparar e orientar ao/á alumno/a para a realización da proba extraordinaria de xuño.

O alumno/a con cualificación negativa será informado/a por escrito, tras a avaliación final ordinaria, das actividades de recuperación propostas e do modelo de proba extraordinaria de xuño.

VIII. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE E A PRÁCTICA DOCENTE.

Como indicadores de logro pódense distinguir os previos ou de preparación, que anteceden a materialización do proceso de ensinanza-aprendizaxe e os posteriores ou de realización que aluden a posta en práctica do proceso.

Entre os indicadores de logro previos, cabe salientar todos os referentes á preparación dunha programación didáctica axeitada á realidade do centro: a elección de libros de texto e de traballo, e outro material didáctico; a preparación de medios audiovisuais; a previsión de datas satisfactorias para a realización de actividade e probas, tanto ordinarias como extraordinarias e de pendentes; as xuntanzas para coordinación dos membros do Departamento; análise de resultados do curso anterior.

Os indicadores de logro do proceso, compre enumerar:

- As revisións quincenais de control de cumprimento da programación.
- A avaliación cualitativa, mensual e trimestral, da marcha e resultados obtidos polos alumnos/as co traballo e resposta na clase e nas probas obxectivas.
- Os *feedbacks* periódicos da materia xa explicada para contrastar a súa asimilación real polos alumnos/as.
- Análise da relación entre actividades orais e escritas e entre actividades grupais e individuais, para asegurar o seu adecuado equilibrio.
- Análise das medidas adoptadas para dinamizar as clases e a frecuencia das mesmas e os seus resultados.
- Observación e avaliación da mellora de nivel do grupo e dos seus alumnos/as, respecto de aqueles nos que se detectou déficit de aproveitamento na materia previamente impartida.
- Observación e control dos alumnos/as que presenten retrasos na aprendizaxe para establecer ou propoñer, segundo sexa o caso, sobre patróns obxectivos e ben fundados as decisións sobre a eventual necesidade de adaptacións curriculares ou plans de mellora.

- Reclamar das familias as intervencións precisas para mellorar a situación do alumno/a que o necesite, axudando ao seu diagnóstico ou a colaborar no estímulo, orientación ou corrección de condutas que se estime pertinente.
- Analizar se as instrucións aos alumnos/as son claras, precisas, intelixibles para eles, e o uso que fan de elas, para comprobar que alcanzan o seu fin.
- Asegurar que os instrumentos de avaliación son os axeitados, son coñecidos polo alumnado na súa estrutura e tipoloxía e que seu contido concorda ao 100% coa materia a avaliar.
- Asegurar regularmente o repaso da materia xa explicada e sempre ante a celebración dunha proba de calado sobre ela.

IX. PLAN DE SUPERACIÓN DE CONTIDOS E MATERIAS PENDENTES.

Cara o final de cada trimestre fixarase a data dunha proba de recuperación dos contidos non superados nas probas ordinarias. En caso de non superarse estas cunha nota igual ou maior que catro sobre dez, non será obrigatoria a asistencia a ditas probas sempre e cando a media das probas escritas sexa igual ou superior a 4,5 sobre 10. En caso de que a media das cualificacións das tarefas encargadas en cada UD (40%), das cualificacións das probas escritas (50%) e das intervencións na aula (10%) sexa igual ou superior a 5 sobre dez a materia dese trimestre pode considerarse superada sempre e cando en cada un destes campos se supere o grao mínimo de consecución do 50%.

O centro conta co Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes de cursos anteriores fóra do horario lectivo para a ESO. O programa está atendido polo profesorado do departamento que se coordina cos profesores/as dos distintos niveis. A avaliación farase dentro do programa realizando probas ao longo do trimestre e a nota final porase na avaliación final ordinaria.

Para o alumnado do bacharelato, farase o seguimento e decidirse a superación da materia pendente de 1º na proba extraordinaria que se fará no mes de maio. Para o seguimento da materia o departamento elaborará exercicios que deberá realizar o alumno/a, estes traballos corresponderán cos contidos impartidos en 1º curso. Será o xefe/a do departamento didáctico o encargado de pórse en contacto co alumnado con materias pendentes para establecer o procedemento: plan de traballo, supervisión e calendario para a recuperación. Cada alumno/a deberá entregar ao xefe/a do departamento todos estes exercicios debidamente resoltos, e para ilo facilitaráselle unha sesión na que poderán resolver dúbidas.

X. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS A ADOPTAR Á VISTA DOS RESULTADOS OBTIDOS.

Cada novo curso unha parte dos alumnos/as correspondentes a cada profesor/a renóvase, xurdindo a necesidade de establecer o nivel de coñecementos que posúen e que vai operar como punto de partida no proceso e ensinanza-aprendizaxe do presente curso.

Cabe falar dun nivel grupal que viría a ser un nivel medio estándar, e tamén dos niveis individuais propios de cada un dos alumnos/as en particular.

As ferramentas empregadas para establecer a avaliación inicial serán:

- Análise do expediente académico previo.
- Observación e análise do traballo na aula.
- Abrir un breve período de observación (de 3 a 15 días).
- Someter ao alumnado a unha proba obxectiva e sen nota, oral e/ou escrita.

Tendo en consideración os resultados que proporcionen algúns ou todos os anteditos medios procederíase á toma de decisións (todos estes acordos tomaranse na sesión de avaliación inicial que se programa desde a dirección ao comezo de cada curso escolar):

- Os alumnos/as con nivel baixo a media serían sometidos a un programa específico de repaso ou reforzo temporal e breve.
- Inicio de repaso selectivo da materia do curso anterior durante una semana.
- Medidas de reforzo mais permanentes.

XI.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Actividades de ampliación e reforzo

Partimos da premisa de que en toda clase de hai alumnado con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe, e tamén con diversos graos de motivación. Xa que logo, marcamos como obxectivo que todo o alumnado participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e teñan o éxito que lle corresponda á súa capacidade e interese.

A diversidade de exercicios e actividades utilizados fai posible que todos os alumnos/as atopen algún que se adapte ao seu estilo de aprendizaxe.

En canto ós ritmos de aprendizaxe, o deseño de actividades diferenciadas permite que o alumnado que o necesite dispoña de actividades de ampliación ou de reforzo.

O profesor/a proporcionará actividades de ampliación para alumnos/as que rematan antes o seu traballo e fomentará a elaboración de proxectos.

En moitos casos, os alumnos/as teñen problemas porque non dominan as técnicas de estudo, polo tanto traballarase a aprendizaxe destas técnicas ao longo do proceso formativo.

XII. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

a) PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.

O carácter transversal que a educación en valores ten, implica a súa inclusión en todos os momentos do proceso educativo. Debemos aproveitar o traballo da comunidade educativa para fomentar a tolerancia e o respecto, tanto ás persoas como ás súas ideas e á súa forma de vida.

Igualmente debemos dar a coñecer as N.O.F. e aplicalas con flexibilidade, insistindo en que o traballo colectivo e a colaboración non está en contradición coa organización xerarquizada do centro e do traballo na aula.

Os temas transversais tratados en cada unidade desta programación inclúen aspectos relacionados coa educación en valores.

b) APORTACIÓNS AO PLAN DE CONVIVENCIA.

O plan de convivencia debería contemplar e desenvolver todos os aspectos normativizados nas N.O.F.C.

Serán importantes, entre outros aspectos:

- Xerar un ambiente escolar rico, libre, estimulante e de colaboración entre todos os membros da comunidade educativa.
- Integrar a todos os membros da comunidade educativa , dando unha recepción cordial e empática aos novos membros.

Ademais da información das normas correctas de comportamento e respecto, informar aos alumnos dos mínimos esixibles e dos criterios de cualificación. Para tal fin esta publicación será publicada na aula virtual da materia unha vez teña sido aprobada.

Intentar reflexionar colectivamente sobre os problemas posibles ou suscitados, estimulando a comunicación entre os membros da comunidade, intentando sempre chegar a consensos razoables e suxeitos a norma.

Crear un clima de respecto e colaboración á hora de facer traballo individual ou en equipo, así como de respecto e coidado do material colectivo e do mobiliario.

Intentar detectar canto antes procesos de acoso na aula, xa sexa este de forma ostentosa (con violencia ou insulto) ou ben de xeito máis sutil que teñen como orixe a pertenza a unha minoría étnica, ou relixiosa ou ben causado por eivas de orixe físico, diferenzas motoras ou psíquicas.

Combater e sancionar todo tipo de comportamento violento, lesivo e discriminatorio para co alumnado e o profesorado.

Aplicar as sancións pertinentes e establecidas por norma e protocolo cando proceda.

Pasar ao XADE as faltas de asistencia diariamente.

Manter información e comunicación constante entre o profesor/a e o titor/a. Informar de inmediato ao titor e facer chegar ás familias todo tipo de incidencias pertinentes en canto a rendemento, comportamento, actitude, etc.

Manter informadas ás familias e solicitar delas información en casos puntuais se fose necesario.

Falar co Departamento de Orientación sempre que proceda.

c) FOMENTO DA LECTURA

Nas sesións de aula realizaranse lecturas en voz alta dos textos contidos nos libros do estudante, procedendo despois a realizar actividades de comprensión de diversa índole.

Realización de traballos de investigación e documentais sobre distintos temas transversais, que lles obrigan a extraer información despois da lectura de textos máis extensos. Ás veces expoñendo estes traballos nas aulas.

É decisivo para nós traballar a lectura de maneira non impositiva senón lúcida, lúdica e creativa. O pracer dese proceso pode ser importante para acadar os obxectivos desexados.

d) FOMENTO DAS TIC's.

A materia de Filosofía non ten como fin principal a consecución de habilidades nas TIC's, senón desenvolver no alumnado as competencias clave.

As TIC's son, deste modo, un medio para conseguir unha serie de obxectivos entre os que se atopa a competencia dixital; polo tanto as tecnoloxías da información e da comunicación incorpóranse a práctica docente como ferramentas de comunicación e aprendizaxe para que o alumno adquira as destrezas que lle permitan ser protagonista do seu proceso de aprendizaxe e non un mero receptor de información. Debe, así mesmo, desenvolver actitudes de interese, respecto e aceptación de realidades culturais diferentes, concibindo as TIC's como unha gran fiestra aberta ao mundo.

No centro contamos con diversas aulas de informática onde o estudante e o profesor/a aproveitarán os distintos recursos que ofrece Internet, pero non só como unha vía máis de información senón tamén de ampliación e actualización de coñecementos.

Con esta ferramenta trataremos de utilizar unha metodoloxía activa, é dicir, aprender facendo.

Destacar que, salvo para 1º e 2º da ESO, as aulas de informática só están dispoñibles cando non se imparten as materias específicas de informática, sendo un número de horas moi reducido e a disposición do resto das materias.

As actividades que se propoñen inicialmente para o presente curso, sen prexuízo de que poidan incorporarse outras novas, centraranse na busca dirixida a través da rede de páxinas que teñan que ver coa materia.

XIII. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

As actividades complementarias e extraescolares quedan abertas dado que dependemos de factores externos a nós.

XIV. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN (Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora).

A labor de reprogramación perfectiva e una necesidade non discutible, como tamén é certo que establecer una relación causa-efecto respecto de que parámetros son os que determinan os resultados no proceso de ensinanza-aprendizaxe, é unha tarefa sumamente difícil.

O marco máis axeitado para valorar e avaliar a programación son a posta en práctica na aula e as xuntas de departamento. É precisa una valoración colectiva con apartacións desde diferentes perspectivas.

A reconsideración da programación debe estar baseada coa maior cantidade de datos obxectivos posible; consideráranse entre outros:

- As horas asignadas a cada unidade didáctica,
- A extensión dos contidos impartidos en relación cos previstos,
- O grado de consecución por parte do alumnado dos obxectivos previstos e da competencia acadada,
- O grado de consecución das metas fixadas polo profesor/a no exercicio da súa actividade profesional,
- Os resultados das avaliacións externas e internas,
- Os resultados obtidos nas probas de acceso á universidade (PAU),
- A valoración do que atinxe á metodoloxía e recursos didácticos empregados fundada na reaccións dos alumnos/as durante a explicación e no traballo na clase.

Os posibles cambios formais levaríanse a cabo preferiblemente na programación do curso inmediatamente seguinte e, de ser o caso e por razóns relevantes e urxentes, nos meses de xaneiro ou abril do propio curso no que se detecte a necesidade de modificar algún aspecto acordado polo Departamento.

**PROGRAMACIÓN DA
MATERIA: ANTROPOLOXÍA
DE 1º DE BACHARELATO
LOMCE
I.E.S. ARMANDO COTARELO
VILAGARCÍA DE AROUSA
CURSO 2022-2023**

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA «ANTROPOLOXÍA» AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. RÚBRICAS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CORRECCIÓN.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

PLAN DE SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS EN BACHARELATO.

DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS A ADOPTAR Á VISTA DOS RESULTADOS OBTIDOS.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

- PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES
- APORTACIÓNS AO PLAN DE CONVIVENCIA
- FOMENTO DA LECTURA
- FOMENTO DAS TIC's

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN (Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora)

I. INTRODUCCIÓN

Esta programación insírese no contexto da implantación completa da LOMCE, iniciada no curso escolar 2015-2016.

Entendemos que ao non dispoñer do currículo definitivo da materia (LOMLOE) seguiremos utilizando a programación LOMCE

Cursos a impartir polo noso Departamento

Esta programación abrangue todas as materias e cursos ao noso cargo, que son:

Cursos 3º e 4º ESO: Valores Éticos.

Cursos 1º e 2º de Bacharelato: Filosofía, Antropoloxía, Historia da Filosofía, Psicoloxía.

Cursos 1º e 2º de Bacharelato de Adultos: Filosofía, Historia da Filosofía, Psicoloxía.

Composición do Departamento:

Este departamento didáctico está formado polos seguintes profesores/as :

Jesús Merino Palacios, que imparte: Valores Éticos en 4ºESO , Antropoloxía en 1º Bacharelato e Psicoloxía, en 2º de Bacharelato, diúrno e de adultos.

Juan Manuel Nieto Martín, que imparte: Valores Éticos en 3º ESO, Historia da Filosofía 2º Bacharelato diúrno e de adultos.

Bruno Formoso Andón, que imparte Filosofía en 4º ESO, Filosofía en 1º de Bacharelato diúrno e de adultos

II. CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

O IES Armando Cotarelo Valledor comeza a funcionar no curso 1992/93, como desdobre do Instituto de F.P. Fermín Bouza Brey do que se traslada a rama administrativa-comercial e a de secretariado para este novo centro. Introdúcese tamén o 3º curso da ESO e dous grupos de 2º de BUP que non tiñan cabida nos outros centros de ensinanza media da Vila.

O alumnado da ESO procede dos colexios adscritos de Rubiáns e de Vilaxoán, aínda que tamén se acollen alumnos/as doutros centros da zona.

O alumnado de Bacharelato provén maioritariamente do noso alumnado da ESO, aínda que cada ano tamén se incorporan alumnos/as dos outros centros de Vilagarcía ou de concellos limítrofes.

O alumnado que opta pola oferta dos ciclos formativos procede tanto do propio concello, como de concellos limítrofes e doutros máis afastados: Valga, Catoira, Caldas, Vilanova, Illa de Arousa, O Grove, Rianxo, A Estrada, etc.

Situación socio-económica e cultural do contorno

O Centro atópase situado na parroquia de Sobradelo, na periferia de Vilagarcía, a 2 km. do centro urbano, nunha zona limítrofe entre Sobradelo e Vilaxoán.

As principais actividades económicas do entorno son:

Pesca e marisqueo

Agricultura

Hostalería

Conserva (actualmente en plena decadencia)

Acuicultura (parques flotantes de mexillón e ostra, cetarias e depuradoras)

Comercio, actividades industriais e outras

Atendendo aos resultados extraídos da última avaliación externa, o Índice Socioeconómico e Cultural (ISEC) que lle corresponde ao centro é **baixo**.

Algúns problemas que non podemos obviar como centro de ensino son os seguintes:

- A elevada taxa de desemprego existente na comarca, así como o escaso tecido industrial.
- A valoración negativa que existe sobre a posibilidade de acceder ao mundo laboral en condicións minimamente dignas (o que, xunto coas poucas expectativas de continuar estudos superiores, é fonte dunha gran desmotivación).

- O escaso -nalgúns casos nulo- hábito de estudo e mesmo de lectura do noso alumnado.
- Respecto da lingua, cabe dicir que o alumnado, maioritariamente, se expresa en castelán.

III. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA FILOSOFÍA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A incorporación das competencias clave ao currículo introduce dous novos enfoques: por unha banda permítenos identificar as aprendizaxes imprescindibles para o alumnado e por outra banda achega unha visión integradora do proceso de aprendizaxe. Isto quere dicir que, aínda que as áreas e materias son as que ofrecen os contidos concretos diferenciados, a aprendizaxe deberá facerse desde unha perspectiva integradora e de colaboración.

PERFIL COMPETENCIAL DE ESTÁNDARES PRIORITARIOS

Competencia Clave:		Aprender a aprender
Nivel	Área	Estándares
1º	ANT	1º-ANTB1.1.1 - Identifica e distingue, de xeito claro e razoado, o campo de estudo da antropoloxía.
1º	ANT	1º-ANTB1.4.1 - Diferencia e explica a antropoloxía con respecto a outros saberes e outras ciencias sociais.

PERFIL COMPETENCIAL DE ESTÁNDARES PRIORITARIOS

Competencia Clave:		Competencia Dixital
Nivel	Área	Estándares
1º	ANT	1º-ANTB1.2.1 - Define e concreta con precisión o obxecto peculiar de estudo das ramas da antropoloxía, distinguindo cada unha a través de textos, e realiza unha presentación empregando as tecnoloxías da información e da comunicación.
1º	ANT	1º-ANTB2.1.1 - Reproduce a liña filoxenética humana, utilizando para iso recursos das tecnoloxías da información e da comunicación.
1º	ANT	1º-ANTB2.2.1 - Describe a estrutura e a funcionalidade do sistema nervioso e do endócrino, recorrendo ás tecnoloxías da información e da comunicación.
1º	ANT	1º-ANTB2.3.1 - Describe e explica, mediante ferramentas informáticas, a orixe e a evolución da especie humana.

1º	ANT	1º-ANTB2.3.2 - Constrúe a árbore xenealóxica dos homínidos ata a explosión cultural, e plásmaa nunha produción audiovisual.
1º	ANT	1º-ANTB4.4.1 - Analiza e describe os sistemas terminolóxicos sobre o parentesco, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.
1º	ANT	1º-ANTB4.6.2 - Describe a relación dos grupos cos poderes establecidos, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.

PERFIL COMPETENCIAL DE ESTÁNDARES PRIORITARIOS

Competencia Clave: Comunicación Lingüística

Nivel	Área	Estándares
1º	ANT	1º-ANTB1.1.1 - Identifica e distingue, de xeito claro e razoado, o campo de estudo da antropoloxía.
1º	ANT	1º-ANTB1.4.1 - Diferencia e explica a antropoloxía con respecto a outros saberes e outras ciencias sociais.
1º	ANT	1º-ANTB2.4.1 - Identifica a relación dialéctica entre o innato e o adquirido a partir da diferenciación de teorías e modelos.
1º	ANT	1º-ANTB2.5.2 - Delimita o percorrido que vai polos grandes períodos da evolución sociocultural (Paleolítico, Neolítico, revolución urbana e sociedade industrial), e elabora mapas conceptuais.
1º	ANT	1º-ANTB2.6.1 - Identifica e describe mediante pequenos textos a complexidade do ser humano, a través da súa peculiar unidade e diversidade.
1º	ANT	1º-ANTB3.1.1 - Define os trazos característicos da cultura.
1º	ANT	1º-ANTB3.2.2 - Identifica e define os axentes e os procesos de endoculturación.
1º	ANT	1º-ANTB4.1.1 - Recoñece e describe a sociabilidade e a socialización como trazos inherentes ao ser humano
1º	ANT	1º-ANTB4.5.1 - Analiza e identifica as relacións entre individuos.
1º	ANT	1º-ANTB5.2.1 - Identifica dun xeito concreto os trazos distintivos do enfoque filosófico sobre a especificidade humana, desde os puntos de vista simbólico e histórico, en fragmentos filosóficos.

PERFIL COMPETENCIAL DE ESTÁNDARES PRIORITARIOS

Competencia Clave: Conciencia e expresións culturais

Nivel	Área	Estándares
1º	ANT	1º-ANTB3.1.1 - Define os trazos característicos da cultura.
1º	ANT	1º-ANTB3.3.1 - Analiza algún elemento cultural do seu contorno e compárao adecuadamente con outras manifestacións culturais, distinguindo as perspectivas EMIC e ETIC.
1º	ANT	1º-ANTB3.4.1 - Describe, analiza e explica algún elemento cultural do seu contorno, comprendendo a complexidade da diversidade cultural global e de Galicia.

1º	ANT	1º-ANTB3.5.1 - Recoñece, a partir dunha listaxe de trazos culturais e sociais, os elementos característicos da sociedade global.
1º	ANT	1º-ANTB3.9.1 - Identifica a través de pequenos textos os aspectos formais e semióticos do fenómeno relixioso
1º	ANT	1º-ANTB4.4.2 - Analiza as modalidades de organización domésticas e os sistemas de parentesco, prestándolle especial atención á realidade galega.
1º	ANT	1º-ANTB5.4.1 - Analiza e describe o sentido da vida e da morte tomando como referencia a conciencia da propia finitude, a través de fragmentos filosóficos e literarios.

PERFIL COMPETENCIAL DE ESTÁNDARES PRIORITARIOS

Competencia Clave: Matemática, ciencia e tecnoloxía

Nivel	Área	Estándares
1º	ANT	1º-ANTB1.1.2 - Diferencia a súa metodoloxía e as técnicas ao respecto doutras ciencias e saberes
1º	ANT	1º-ANTB2.2.1 - Describe a estrutura e a funcionalidade do sistema nervioso e do endócrino, recorrendo ás tecnoloxías da información e da comunicación.

PERFIL COMPETENCIAL DE ESTÁNDARES PRIORITARIOS

Competencia Clave: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Nivel	Área	Estándares
1º	ANT	1º-ANTB4.2.2 - Recoñece os principais tipos de intercambio e as bases da economía, e exemplifícaos na nosa comunidade.

PERFIL COMPETENCIAL DE ESTÁNDARES PRIORITARIOS

Competencia Clave: Sociais e cívicas

Nivel	Área	Estándares
1º	ANT	1º-ANTB3.1.1 - Define os trazos característicos da cultura.
1º	ANT	1º-ANTB3.2.2 - Identifica e define os axentes e os procesos de endoculturación.
1º	ANT	1º-ANTB3.3.1 - Analiza algún elemento cultural do seu contorno e compárao adecuadamente con outras manifestacións culturais, distinguindo as perspectivas EMIC e ETIC.
1º	ANT	1º-ANTB3.4.1 - Describe, analiza e explica algún elemento cultural do seu contorno, comprendendo a complexidade da diversidade cultural global e de Galicia.
1º	ANT	1º-ANTB3.5.1 - Recoñece, a partir dunha listaxe de trazos culturais e sociais, os elementos característicos da sociedade global.

1º	ANT	1º-ANTB3.6.2 - Describe con argumentación producións materiais e inmateriais de Galicia.
1º	ANT	1º-ANTB4.5.1 - Analiza e identifica as relacións entre individuos.

IV. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, CONTIDOS, COMPETENCIAS CLAVE, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CORRECCIÓN

PERFIL DE ÁREA				
Área:		ANT		
Nivel	Área	Estándares	Indicador de logro (grao mínimo)	Peso (%)
1º	ANT	1º-ANTB1.1.1-Identifica e distingue, de xeito claro e razoado, o campo de estudo da antropoloxía.	Escrebe un texto sinxelo no que describe o campo de estudo da antropoloxía,	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB1.1.2-Diferencia a súa metodoloxía e as técnicas ao respecto doutras ciencias e saberes	Escrebe un texto sinxelo no que distingue a metodoloxía da antropoloxía e a compara coa doutra ciencia ou saber proposto.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB1.2.1-Define e concreta con precisión o obxecto peculiar de estudo das ramas da antropoloxía, distinguindo cada unha a través de textos, e realiza unha presentación empregando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Elabora unha presentación das distintas ramas da antropoloxía.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB1.3.1-Distingue sinteticamente as características propias das escolas antropolóxicas, elaborando un mapa conceptual.	Elabora un mapa conceptual que recolla as características das distintas escolas antropolóxicas.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB1.4.1-Diferencia e explica a antropoloxía con respecto a outros saberes e outras ciencias sociais.	Elabora un escrito sinxelo no que diferencia a antropoloxía doutros saberes propostos.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB2.1.1-Reproduce a liña filoxenética humana, utilizando para iso recursos das tecnoloxías da información e da comunicación.	Elabora unha presentación que recolla a árbore xenealóxica da especie humana.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB2.1.2-Recoñece probas sobre a evolución.	Elabora unha presentación na que amose algunhas probas da evolución das especies.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB2.2.1-Describe a estrutura e a funcionalidade do sistema nervioso e do endócrino, recorrendo ás tecnoloxías da información e da comunicación.	Elabora unha presentación na que describe a estrutura e funcionalidade dos sistemas nervioso e endócrino.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB2.3.1-Describe e explica, mediante ferramentas informáticas, a orixe e a evolución da especie humana.	O mesmo que no 2.1.1	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB2.3.2-Constrúe a árbore xenealóxica dos homínidos ata a explosión cultural, e plásmoa nunha produción audiovisual.	O mesmo que no 2.1.1	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB2.4.1-Identifica a relación dialéctica entre o innato e o adquirido a partir da diferenciación de teorías e modelos.	É capaz de argumentar sobre a condición de innato e/ou adquirido dalgúns exemplos propostos.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB2.5.1-Describe a achega da antropoloxía e da arqueoloxía ao coñecemento da evolución humana.	Elabora unha presentación sobre algún dos xacementos máis relevantes que se amosan fitos importantes na evolución.	2.17 %

1º	ANT	1º-ANTB2.5.2-Delimita o percorrido que vai polos grandes períodos da evolución sociocultural (Paleolítico, Neolítico, revolución urbana e sociedade industrial), e elabora mapas conceptuais.	Elabora un mapa conceptual sobre algún período da evolución sociocultural.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB2.6.1-Identifica e describe mediante pequenos textos a complexidade do ser humano, a través da súa peculiar unidade e diversidade.	Busca noticias que amosen a unidade e diversidade do ser humano.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB3.1.1-Define os trazos característicos da cultura.	Define os trazos característicos da cultura.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB3.1.2-Identifica diversas perspectivas na súa concepción.	Realiza un escrito sinxelo no que identifica diversas perspectivas na súa concepción,	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB3.10.1-Identifica en pequenos textos os fundamentos antropolóxicos do saber.	Identifica en pequenos textos os fundamentos antropolóxicos do saber.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB3.2.1-Describe o significado da interiorización da cultura.	Describe nun breve escrito o significado da interiorización da cultura.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB3.2.2-Identifica e define os axentes e os procesos de endoculturación.	Identifica e define por escrito algún axente e proceso de endoculturación.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB3.3.1-Analiza algún elemento cultural do seu contorno e compárao adecuadamente con outras manifestacións culturais, distinguindo as perspectivas EMIC e ETIC.	Analiza algún elemento cultural do seu contorno distinguindo as perspectivas EMIC e ETIC.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB3.4.1-Describe, analiza e explica algún elemento cultural do seu contorno, comprendendo a complexidade da diversidade cultural global e de Galicia.	Describe, analiza e explica dun xeito sinxelo algún elemento cultural do seu contorno.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB3.5.1-Recoñece, a partir dunha listaxe de trazos culturais e sociais, os elementos característicos da sociedade global.	Sinala, nunha listaxe de trazos culturais e sociais, os elementos característicos da sociedade global.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB3.6.1-Describe a través dos seus trazos as producións culturais, e distingue as materiais das inmateriais.	Distingue, a partir dunha listaxe, producións culturais materiais e inmateriais.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB3.6.2-Describe con argumentación producións materiais e inmateriais de Galicia.	Elabora unha presentación na que amose tres producións materiais e tres inmateriais de Galicia.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB3.7.1-Identifica relacións entre usos lingüísticos e trazos culturais.	Busca algúns exemplos nos que se relacionen usos lingüísticos e trazos culturais.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB3.7.2-Identifica ás relacións entre lingua e cosmovisión, tendo Galicia como exemplo.	Busca algúns exemplos, especialmente de Galicia, nos que se perciba a relación entre lingua e cosmovisión.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB3.8.1-Identifica os elementos característicos da arte e da técnica, e diferéncios desde unha óptica histórica e antropolóxica.	Busca algúns exemplos de arte e técnica, sinalando as súas semellanzas e diferenzas.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB3.8.2-Describe exemplos de manifestacións artísticas e técnicas en Galicia, e compréndeos no seu contexto.	O mesmo que no estándar anterior, en Galicia.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB3.9.1-Identifica a través de pequenos textos os aspectos formais e semióticos do fenómeno relixioso	Analiza algún fenómeno relixioso e sinala algún elemento formal e semiótico.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB3.9.2-Define os principais paradigmas teóricos para a súa interpretación.	Sinala, a partir de textos facilitados, algún paradigma interpretativo da relixión.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB4.1.1-Recoñece e describe a sociabilidade e a socialización como trazos inherentes ao ser humano	Busca exemplos que amosen a importancia da sociabilidade na existencia humana.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB4.2.1-Describe os procedementos de produción de bens.	Describe polo menos tres procedementos de produción de bens.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB4.2.2-Recoñece os principais tipos de intercambio e as bases da economía, e exemplifícaos na nosa comunidade.	Fai unha investigación sinxela sobre as bases da economía da comarca do Salnés.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB4.3.1-Identifica dun xeito concreto os mecanismos de reprodución social e, especialmente, os trazos típicos da sexualidade.	Identifica, a partir de textos propostos, os trazos característicos da sexualidade humana.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB4.4.1-Analiza e describe os sistemas terminolóxicos sobre o parentesco, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Fai unha presentación sinxela sobre algún sistema de parentesco.	2.17 %

1º	ANT	1º-ANTB4.4.2-Analiza as modalidades de organización domésticas e os sistemas de parentesco, prestándolle especial atención á realidade galega.	O mesmo que no estándar 4.4.1. referíndose a Galicia,	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB4.5.1-Analiza e identifica as relacións entre individuos.	Averigua que é un sociograma e realiza un entre os seus amigos, facendo unha sencilla análise das súas relacións.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB4.5.2-Describe o mantemento dunha cohesión política e a resolución dos conflitos por medio de guerras.	Fai un seguimento dalgún conflito belico a través dos medios de comunicación.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB4.6.1-Recoñece, a través de pequenos fragmentos, o significado da pertenza a grupos estratificados.	Recoñece, a través de pequenos fragmentos, o significado da pertenza a grupos estratificados.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB4.6.2-Describe a relación dos grupos cos poderes establecidos, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Elabora unha presentación na que describe a relación do seu grupo de clase co equipo directivo do centro.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB5.1.1-Describe de xeito sinxelo a orixe da antropoloxía filosófica a comezos do século XX e os seus antecedentes máis afastados.	Fai un breve resumo dalgúns textos referidos á orixe da antropoloxía filosófica.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB5.2.1-Identifica dun xeito concreto os trazos distintivos do enfoque filosófico sobre a especificidade humana, desde os puntos de vista simbólico e histórico, en fragmentos filosóficos.	Recoñece os trazos distintivos do enfoque filosófico sobre o ser humano a partir de textos filosóficos.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB5.3.1-Describe o logos e a praxis como dimensión característica do suxeito humano.	Describe o logos e a praxis como dimensións características do suxeito humano.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB5.4.1-Analiza e describe o sentido da vida e da morte tomando como referencia a conciencia da propia finitude, a través de fragmentos filosóficos e literarios.	Elabora un escrito sobre o sentido da vida e da morte a partir de textos filosóficos e/ou literarios.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB5.5.1-Diferencia os instintos animais básicos da plasticidade da dinámica humana.	Estuda e expón como reaccionan animais e humanos ante situacións semellantes.	2.17 %
1º	ANT	1º-ANTB5.5.2-Identifica os trazos característicos da racionalidade e a afectividade como dimensións que conforman as bases éticas da persoa, mediante pequenos fragmentos filosóficos, literarios ou cinematográficos.	O mesmo estándar.	2.17 %

TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN AGRUPADA DOS ESTÁNDARES DO CURSO

CURSO	Antropoloxía 1º		
NIVEL	1º BACHARELATO	ÁREA	Antropoloxía (ANT)

CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN		Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo para superar o estándar	C.C. do estándar	TRIMESTRES		
Procedemento e instrumento	Peso				T1	T2	T3
PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as	20%	1º-ANTB1.2.1-Define e concreta con precisión o obxecto peculiar de estudo das ramas da antropoloxía, distinguindo	Elabora unha presentación das distintas ramas da antropoloxía.	CMCCT CL CD	X		

INSTRUMENTO: Investigacións	cada unha a través de textos, e realiza unha presentación empregando as tecnoloxías da información e da comunicación.						
	1º-ANTB2.1.1-Reproduce a liña filoxenética humana, utilizando para iso recursos das tecnoloxías da información e da comunicación.	Elabora unha presentación que recolla a árbore xenealóxica da especie humana.	CAA CMCCT CD	X			
	1º-ANTB2.1.2-Recoñece probas sobre a evolución.	Elabora unha presentación na que amose algunhas probas da evolución das especies.	CAA CCEC	X			
	1º-ANTB2.2.1-Describe a estrutura e a funcionalidade do sistema nervioso e do endócrino, recorrendo ás tecnoloxías da información e da comunicación.	Elabora unha presentación na que describe a estrutura e funcionalidade dos sistemas nervioso e endócrino.	CD CCL CMCCT	X			
	1º-ANTB2.3.1-Describe e explica, mediante ferramentas informáticas, a orixe e a evolución da especie humana.	O mesmo que no 2.1.1	CD CCL	X			
	1º-ANTB2.3.2-Constrúe a árbore xenealóxica dos homínidos ata a explosión cultural, e plásmoa nunha produción audiovisual.	O mesmo que no 2.1.1	CAA CCL CSIEE5. CD	X			
	1º-ANTB2.5.1-Describe a achega da antropoloxía e da arqueoloxía ao coñecemento da evolución humana.	Elabora unha presentación sobre algún dos xacementos máis relevantes que se amosan fitos importantes na evolución.	CCEC CCL	X			
	1º-ANTB2.6.1-Identifica e describe mediante pequenos textos a complexidade do ser humano, a través da súa peculiar unidade e diversidade.	Busca noticias que amosen a unidade e diversidade do ser humano.	CCL CCEC	X			
	1º-ANTB3.6.2-Describe con argumentación producións materiais e inmateriais de Galicia.	Elabora unha presentación na que amose tres producións materiais e tres inmateriais de Galicia.	CCL CCEC CSC			X	
	1º-ANTB3.7.1-Identifica relacións entre usos lingüísticos e trazos culturais.	Busca algúns exemplos nos que se relacionen usos lingüísticos e trazos culturais.	CCL CSC CCEC			X	
1º-ANTB3.7.2-Identifica ás relacións entre lingua e cosmovisión, tendo Galicia como exemplo.	Busca algúns exemplos, especialmente de Galicia, nos que se perciba a relación entre lingua e	CCL CSC CCEC			X		

		cosmovisión.				
1º-ANTB3.8.1-Identifica os elementos característicos da arte e da técnica, e diferéncias desde unha óptica histórica e antropolóxica.	Busca algúns exemplos de arte e técnica, sinalando as súas semellanzas e diferenzas.	CCEC CSC CCL		X		
1º-ANTB3.8.2-Describe exemplos de manifestacións artísticas e técnicas en Galicia, e compréndeos no seu contexto.	O mesmo que no estándar anterior, en Galicia.	CCL CCEC CCL		X		
1º-ANTB3.9.1-Identifica a través de pequenos textos os aspectos formais e semióticos do fenómeno relixioso	Analiza algún fenómeno relixioso e sinala algún elemento formal e semiótico.	CCL CCEC		X		
1º-ANTB4.1.1-Recoñece e describe a sociabilidade e a socialización como trazos inherentes ao ser humano	Busca exemplos que amosen a importancia da sociabilidade na existencia humana.	CCL CAA CCEC				X
1º-ANTB4.2.2-Recoñece os principais tipos de intercambio e as bases da economía, e exemplifícaos na nosa comunidade.	Fai unha investigación sinxela sobre as bases da economía da comarca do Salnés.	CAA CSIEE CCEC				X
1º-ANTB4.4.1-Analiza e describe os sistemas terminolóxicos sobre o parentesco, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Fai unha presentación sinxela sobre algún sistema de parentesco.	CCL CD CAA				X
1º-ANTB4.4.2-Analiza as modalidades de organización domésticas e os sistemas de parentesco, prestándolle especial atención á realidade galega.	O mesmo que no estándar 4.4.1. referíndose a Galicia,	CCEC CAA				X
1º-ANTB4.5.1-Analiza e identifica as relacións entre individuos.	Averigua que é un sociograma e realiza un entre os seus amigos, facendo unha sencilla análise das súas relacións.	CCEC CCL CAA CSC				X
1º-ANTB4.5.2-Describe o mantemento dunha cohesión política e a resolución dos conflitos por medio de guerras.	Fai un seguimento dalgún conflito belico a través dos medios de comunicación.	CCL CCEC				X
1º-ANTB4.6.2-Describe a relación dos grupos cos poderes establecidos, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Elabora unha presentación na que describe a relación do seu grupo de clase co equipo directivo do centro.	CCL CCEC CD CSC				X
1º-ANTB5.5.1-Diferencia os instintos animais básicos da plasticidade da	Estuda e expón como reaccionan animais e humanos ante situacións	CCL CCEC				X

		dinámica humana.	semellantes.				
		1º-ANTB5.5.2-Identifica os trazos característicos da racionalidade e a afectividade como dimensións que conforman as bases éticas da persoa, mediante pequenos fragmentos filosóficos, literarios ou cinematográficos.	O mesmo estándar.	CCL CAA CCEC			X
PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Caderno de clase	80%	1º-ANTB1.1.1-Identifica e distingue, de xeito claro e razoado, o campo de estudo da antropoloxía.	Escrebe un texto sinxelo no que describe o campo de estudo da antropoloxía,	CAA CCL	X		
		1º-ANTB1.1.2-Diferencia a súa metodoloxía e as técnicas ao respecto doutras ciencias e saberes	Escrebe un texto sinxelo no que distingue a metodoloxía da antropoloxía e a compara coa doutra ciencia ou saber proposto.	CMCCT CCEC	X		
		1º-ANTB1.3.1-Distingue sinteticamente as características propias das escolas antropolóxicas, elaborando un mapa conceptual.	Elabora un mapa conceptual que recolla as características das distintas escolas antropolóxicas.	CAA CCL	X		
		1º-ANTB1.4.1-Diferencia e explica a antropoloxía con respecto a outros saberes e outras ciencias sociais.	Elabora un escrito sinxelo no que diferencia a antropoloxía doutros saberes propostos.	CAA CCL	X		
		1º-ANTB2.4.1-Identifica a relación dialéctica entre o innato e o adquirido a partir da diferenciación de teorías e modelos.	É capaz de argumentar sobre a condición de innato e/ou adquirido dalgúns exemplos propostos.	CCL CAA	X		
		1º-ANTB2.5.2-Delimita o percorrido que vai polos grandes períodos da evolución sociocultural (Paleolítico, Neolítico, revolución urbana e sociedade industrial), e elabora mapas conceptuais.	Elabora un mapa conceptual sobre algún período da evolución sociocultural.	CCEC CCL	X		
		1º-ANTB3.1.1-Define os trazos característicos da cultura.	Define os trazos característicos da cultura.	CCEC CCL CSC		X	
		1º-ANTB3.1.2-Identifica diversas perspectivas na súa concepción.	Realiza un escrito sinxelo no que identifica diversas perspectivas na súa concepción,	CCEC CSC		X	
		1º-ANTB3.2.1-Describe o significado da interiorización da cultura.	Describe nun breve escrito o significado da interiorización da	CCL		X	

		cultura.				
	1º-ANTB3.2.2-Identifica e define os axentes e os procesos de endoculturación.	Identifica e define por escrito algún axente e proceso de endoculturación.	CCL CSC		X	
	1º-ANTB3.3.1-Analiza algún elemento cultural do seu contorno e compárao adecuadamente con outras manifestacións culturais, distinguindo as perspectivas EMIC e ETIC.	Analiza algún elemento cultural do seu contorno distinguindo as perspectivas EMIC e ETIC.	CCEC CSC CSIEE		X	
	1º-ANTB3.4.1-Describe, analiza e explica algún elemento cultural do seu contorno, comprendendo a complexidade da diversidade cultural global e de Galicia.	Describe, analiza e explica dun xeito sinxelo algún elemento cultural do seu contorno.	CCL CSC CSIEE CCEC		X	
	1º-ANTB3.5.1-Recoñece, a partir dunha listaxe de trazos culturais e sociais, os elementos característicos da sociedade global.	Sinala, nunha listaxe de trazos culturais e sociais, os elementos característicos da sociedade global.	CCEC CSC		X	
	1º-ANTB3.6.1-Describe a través dos seus trazos as producións culturais, e distingue as materiais das inmateriais.	Distingue, a partir dunha listaxe, producións culturais materiais e inmateriais.	CCEC CSC CCL		X	
	1º-ANTB3.9.2-Define os principais paradigmas teóricos para a súa interpretación.	Sinala, a partir de textos facilitados, algún paradigma interpretativo da relixión.	CAA CCEC CCL		X	
	1º-ANTB3.10.1-Identifica en pequenos textos os fundamentos antropolóxicos do saber.	Identifica en pequenos textos os fundamentos antropolóxicos do saber.	CCL CAA		X	
	1º-ANTB4.2.1-Describe os procedementos de produción de bens.	Describe polo menos tres procedementos de produción de bens.	CCL CSIEE CAA			X
	1º-ANTB4.3.1-Identifica dun xeito concreto os mecanismos de reprodución social e, especialmente, os trazos típicos da sexualidade.	Identifica, a partir de textos propostos, os trazos característicos da sexualidade humana.	CAA CCEC			X
	1º-ANTB4.6.1-Recoñece, a través de pequenos fragmentos, o significado da pertenza a grupos estratificados.	Recoñece, a través de pequenos fragmentos, o significado da pertenza a grupos estratificados.	CCL CCEC CAA			X
	1º-ANTB5.1.1-Describe de xeito sinxelo a orixe da antropoloxía filosófica a	Fai un breve resumo dalgúns textos referidos á orixe da antropoloxía	CCL CAA CCEC			X

		comezos do século XX e os seus antecedentes máis afastados.	filosófica.				
		1º-ANTB5.2.1-Identifica dun xeito concreto os trazos distintivos do enfoque filosófico sobre a especificidade humana, desde os puntos de vista simbólico e histórico, en fragmentos filosóficos.	Recoñece os trazos distintivos do enfoque filosófico sobre o ser humano a partir de textos filosóficos.	CCL CAA			X
		1º-ANTB5.3.1-Describe o logos e a praxis como dimensión característica do suxeito humano.	Describe o logos e a praxis como dimensións características do suxeito humano.	CCL CCEC CAA			X
		1º-ANTB5.4.1-Analiza e describe o sentido da vida e da morte tomando como referencia a conciencia da propia finitude, a través de fragmentos filosóficos e literarios.	Elabora un escrito sobre o sentido da vida e da morte a partir de textos filosóficos e/ou literarios.	CCL CAA CCEC			X

RÚBRICAS

RÚBRICAS - EXPOSICIÓN ORAL

Criterios	Excelente 4	SOB/NOT	Bo nivel 3	NOT/BE	Aceptable 2 SUF	Non aceptable 1 INS	Puntuación	
Contidos	Adáptase ao tema e abórdao en profundidade usando exemplos.		Coñece o tema pero usa poucos exemplos.		Ideas correctas, pero incompleto e sen exemplos.		Ideas simples	
Comunicación verbal e xestual	Tono de voz apropiado, linguaxe precisa. Utiliza xestos para aumentar a expresividade do seu discurso.		Fluída, o público amosa interese. Utiliza poucos xestos.		Secuenciación correcta pero seccións illadas.		Mal estruturado e difícil de entender	

RÚBRICAS - TRABALLO ESCRITO

Criterios	Excelente 4	SOB/NOT	Bo nivel 3	NOT/BE	Aceptable 2 SUF	Non aceptable 1 INS	Puntuación	
Contidos	A información é excelente: entendeu o tema, reflexionou e chegou a conclusións. Mois interesantes e atractivos.		A información é clara y mostra certa reflexión sobre o tema. Adecuados, axudaron a entender os conceptos.		O contido demostra que entendeu o que traballou. Adecuados pero infrutilizados.		Información a un nivel moi simple. Poucos e non moi acertados.	
Organización dos contidos.	Mostra unha planificación coidadosa e una secuenciación lóxica e clara.		A organización é adecuada e os apartados están relacionados entre si.		Cubrironse as diferentes seccións pero non hai conexión nin transición entre elas.		Confuso, incompleto e sen unha dirección clara.	
Aspectos lingüísticos.	Fluído e cun bo nivel lingüístico. Non presenta erros ortográficos.		Fluído e claro pero presenta 3 erros ortográficos.		Adecuado a pesar de 6 erros ortográficos.		Moitos erros (máis de 6). Difícil de entender.	
Presentación	A presentación está moi traballada e é moi atractiva visualmente.		A presentación é correcta e visual.		A presentación é correcta pero pouco atractiva.		Pouco elaborada. Pouco visual. Non utiliza imaxes, gráficos, enlaces, etc.	
Regularidade	Escribe no caderno de clase cada día que hai materia e fai todas as actividades propostas.		Escribe no caderno de clase unha vez por semana e fai a maioría das actividades propostas.		Escribe no caderno de clase de xeito irregular e fai a metade das actividades propostas.		Apenas escribe ou non escribe nunca. Apenas fai as actividades ou non fai ningunha.	

TOTAL:

RÚBRICAS - TRABALLO GRUPAL

Criterios	Excelente 4	SOB/NOT	Bo nivel 3	NOT/BE	Aceptable 2 SUF	Non aceptable 1 INS	Puntuación	
Contribucións ao grupo	Todo o grupo se implicou no traballo de forma similar.		Todos os membros do grupo colaboraron, aínda que a diferentes niveis.		Case que todos os membros do grupo se implicaron e completaron ás súas tarefas.		Só parte do grupo se implicou.	
Posta en común	As discusións axudaron á cohesión do grupo como equipo de traballo.		A posta en común serviu para planificar e resolver dúbidas.		Non houbo conflitos pero non todos participaron por igual.		Houbo conflitos nas discusións de grupo.	
Autonomía	Os problemas discutíronse no grupo e buscáronse solucións conxuntas.		Con frecuencia os problemas resolvéronse no seo do grupo.		Poucas veces necesitaron axuda do profesor/a.		Continuamente necesitaron ao profesor/a.	
TOTAL:								

RÚBRICAS - APRENDER A APRENDER

Criterios	Excelente 4 SOB/NOT	Bo nivel 3 NOT/BE	Aceptable 2 SUF	Non aceptable 1 INS	Puntuación
Ter conciencia das capacidades de aprendizaxe: Atención, concentración, memoria, comprensión e expresión e motivación de logro.	É capaz de identificar en que medida as súas capacidades de aprendizaxe inflúen nos seus éxitos ou fracasos	É consciente das súas capacidades de aprendizaxe, pero non as distingue en situacións concretas.	Recoñece só algunha das súas capacidades de aprendizaxe.	Non coñece as súas capacidades de aprendizaxe e/ou atribúe os seus fracasos a factores externos.	
Adquirir responsabilidades e compromisos persoais sendo perseverante na aprendizaxe.	Potencia as súas capacidades de aprendizaxe e comprométese en superar as deficiencias con perseveranza.	É perseverante na responsabilidade de mellorar algunha das súas capacidades de aprendizaxe a curto prazo.	Mostra interese en mellorar as propias capacidades de aprendizaxe, pero non persevera.	Non manifesta interese en mellorar o seu propio aprendizaxe.	
Obter un rendemento máximo das capacidades de aprendizaxe coa axuda de estratexias e técnicas de estudo.	Selecciona estratexias e técnicas de estudo adecuadas para obter un rendemento máximo das súas capacidades.	Usa estratexias ou técnicas de estudo adecuadas pero non suficientes para lograr un rendemento máximo.	Usa estratexias ou técnicas de estudo inadecuadas para mellorar o seu rendemento.	Non usa ningunha estratexia ou técnica de estudo para mellorar o seu rendemento.	
Adquirir confianza en si mesmo e goce por aprender.	Goza das aprendizaxes e manifesta interese e curiosidade para ampliar os seus coñecementos.	Goza e manifesta interese nalgúns aspectos da súa aprendizaxe.	Esfórzase en aprender aínda que non ten confianza nas súas propias capacidades.	Non cre nas súas propias capacidades para aprender ou non as utiliza.	
TOTAL:					

V. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

A didáctica debe considerarse como fonte científica da metodoloxía, que se desenvolverá na materia desde múltiples propostas, desta forma, a comunicación didáctica permitirá acadar as seguintes vantaxes:

Coherencia diacrónica	Ao dar continuidade aos modos de facer do curso anterior, poden ser boas fibras transversais que reforcen a transición dun nivel ao seguinte. Esta posibilidade fai que a metodoloxía didáctica sexa un contido pedagóxico do proxecto educativo de centro de primeira magnitude.
Coherencia sincrónica	Polo feito de ofrecer formatos comúns de ensinanza para equipos didácticos e departamentos diferentes, esta colaboración favorecerá a coordinación metodolóxica, posibilitando un estilo e congruencia positivo para a construción cooperativa dos proxectos didácticos de etapa, nivel, programación de aula ou de unidades didácticas.
Enriquecemento de unidades didácticas	As múltiples propostas metodolóxicas poden enriquecer o deseño e desenvolvemento das unidades didácticas, complementándoas ou formando parte delas. En calquera caso, poderán atender ás distintas competencias clave.
Individualización da ensinanza e orientación didáctica	Favorece a individualización da ensinanza, a calidade da comunicación profesorado-alumnado e unha formación máis complexa e completa, máis aló da instrución.
Mellora da avaliación	Pódese incrementar o carácter continuo e formativo da avaliación e propiciar que os procesos de auto e coavaliación ocupen un lugar natural nos procesos de comunicación educativa.

VI. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Materiais didácticos elaborados polo departamento de Filosofía.

Ordenador con aplicacións de vídeo e audio.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN, CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

A avaliación debe servir non só para avaliar os progresos dos alumnos/as senón tamén para orientar e guiar o proceso de ensino-aprendizaxe.

As características que presenta a avaliación son as seguintes:

- Individualizada

- Integradora
- Cualitativa
- Diagnóstica e orientadora
- Continua

O profesorado avaliará aos alumnos/as tendo en conta os diferentes elementos do currículo. Os criterios de avaliación serán o elemento que permita valorar, tanto o grado de adquisición das competencias básicas como o de consecución dos distintos estándares de aprendizaxe.

Co fin de garantir o dereito que asiste aos alumnos/as a que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, os profesores/as informarán ao alumnado do que se vai a estudar, de que e cando se vai a avaliar e de cómo se vai a cualificar.

Empregaranse como instrumentos de avaliación:

- Observación sistemática:
 - o Actividades realizadas, tanto na aula como na casa, que permitan avaliar o traballo do alumno/a.
 - o Intervencións do alumnado en clase.
 - o Observación dos hábitos de traballo e das estratexias de estudo no manexo do material didáctico.
- Traballos monográficos ou interdisciplinares individuais e grupais.
- Probas escritas, orais e de interpretación que permitan a comprobación do grado de adquisición dos estándares de aprendizaxe.

Os criterios de cualificación establécense da seguinte maneira:

- Caderno de clase: 80%
- Presentación de traballos monográficos individuais ou grupais de investigación: 20%

Para obter o aprobado o alumno deberá acadar, unha vez aplicados estes criterios, a nota de 5 sobre 10.

Tras a avaliación final ordinaria, o profesor/a elaborará un plan de actividades de recuperación das aprendizaxes non acadadas por cada estudante. O obxectivo é preparar e orientar ao alumno/a para a realización da proba extraordinaria de setembro.

O alumno/a con cualificación negativa será informado/a por escrito, tras a avaliación final ordinaria, das actividades de recuperación propostas e do modelo de proba extraordinaria de setembro.

VII. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Como indicadores de logro pódense distinguir os previos ou de preparación, que anteceden a materialización do proceso de ensinanza-aprendizaxe e os posteriores ou de realización que aluden a posta en práctica do proceso.

Entre os indicadores de logro previos, cabe salienta todos os referentes á preparación dunha programación didáctica axeitada á realidade do centro: a elección de libros de texto e de traballo, e outro material didáctico; a preparación de medios audiovisuais; a previsión de datas satisfactorias para a realización de actividades e probas, tanto ordinarias como extraordinarias e de pendentas; as xuntanzas para coordinación dos membros do Departamento; análise de resultados do curso anterior.

Os indicadores de logro do proceso, compre enumerar:

- As revisións quincenais de control de cumprimento da programación.
- A avaliación cualitativa, mensual e trimestral, da marcha e resultados obtidos polos alumnos/as co traballo e resposta na clase e nas probas obxectivas.
- Os feedbacks periódicos da materia xa explicada para contrastar a súa asimilación real polos alumnos/as.
- Análise da relación entre actividades orais e escritas e entre actividades grupais e individuais, para asegurar o seu adecuado equilibrio.
- Análise das medidas adoptadas para dinamizar as clases e a frecuencia das mesmas e os seus resultados.
- Observación e avaliación da mellora de nivel do grupo e dos seus alumnos/as, respecto de aqueles nos que se detectou déficit de aproveitamento na materia previamente impartida.
- Observación e control dos alumnos/as que presenten retrasos na aprendizaxe para establecer ou propoñer, segundo sexa o caso, sobre patróns obxectivos e ben fundados as decisións sobre a eventual necesidade de adaptacións curriculares ou plans de mellora.
- Reclamar das familias as intervencións precisas para mellorar a situación do alumno/a que o necesite, axudando ao seu diagnóstico ou a colaborar no estímulo, orientación ou corrección de condutas que se estime pertinente.
- Analizar se as instrucións aos alumnos/as son claras, precisas, intelixibles para eles, e o uso que fan de elas, para comprobar que alcanzan o seu fin.

- Asegurar que os instrumentos de avaliación son os axeitados, son coñecidos polo alumnado na súa estrutura e tipoloxía e que seu contido concorda ao 100% coa materia a avaliar.
- Asegurar regularmente o repaso da materia xa explicada e sempre ante a celebración dunha proba de calado sobre ela.

VIII. PLAN DE SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.

O centro conta co Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes de cursos anteriores fóra do horario lectivo para a ESO. O programa está atendido polo profesorado do departamento que se coordina cos profesores/as dos distintos niveis. A avaliación farase dentro do programa realizando probas ao longo do trimestre e a nota final porase na avaliación final ordinaria.

Para co alumnado do bacharelato, farase o seguimento e decidirse a superación da materia pendente de 1º na proba extraordinaria que se fará no mes de maio. Para o seguimento da materia o departamento elaborará exercicios que deberá realizar o alumno/a, estes traballos corresponderán cos contidos impartidos en 1º curso. Será o xefe/a do departamento didáctico o encargado de pórse en contacto co alumnado con materias pendentes para establecer o procedemento: plan de traballo, supervisión e calendario para a recuperación. Cada alumno/a deberá entregar ao xefe/a do departamento todos estes exercicios debidamente resoltos, e para elo facilitaráselle unha sesión na que poderán resolver dúbidas.

IX. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS EN BACHARELATO.

Aos efectos de avaliación e cualificación establécese a prelación entre materias de bacharelato, entendendo en todos os casos que debe superarse a materia de primeiro para poder cursar e avaliar a correspondente de segundo:

- Materias coa mesma denominación que se cursan en primeiro curso respecto da mesma materia de segundo curso. Aos efectos de promoción e repetición de curso computan como dúas materias.
- Materias cuxos contidos son total ou parcialmente progresivos, a saber: Física e Química de primeiro respecto de Física ou Química de segundo; Bioloxía e Xeoloxía de primeiro respecto de Bioloxía ou Xeoloxía de segundo.

Neste sentido, poderá realizarse unha proba para acreditar os coñecementos previos necesarios para seguir con aproveitamento unha materia de 2ª nos seguintes supostos.

Cando, tras superar todas as materias de 1º curso, solicítese a autorización para non cursar a materia de 1º que teña prelación sobre outra de 2º da que se pensa matricular. En tales supostos solicitarase ao Director esta autorización, sendo a data límite o último día do período de matriculación de setembro.

O director poderá autorizar a realización dunha proba que acredite os coñecementos necesarios para poder cursar a materia de 2º de bacharelato. Esta proba, realizada por o/a xefe/a de departamento, versará sobre os criterios de avaliación mínimos da materia de 1º, e para a súa superación deberá obterse unha cualificación, como mínimo, de 5 sobre 10. Dita cualificación non constará no seu expediente académico.

X. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS A ADOPTAR Á VISTA DOS RESULTADOS OBTIDOS.

Cada novo curso unha parte dos alumnos/as correspondentes a cada profesor/a renóvase, xurdindo a necesidade de establecer o nivel de coñecementos que posúen e que vai operar como punto de partida no proceso e ensinanza-aprendizaxe do presente curso.

Cabe falar dun nivel grupal que viría a ser un nivel promedio estándar, e tamén dos niveis individuais propios de cada un dos alumnos/as en particular.

As ferramentas empregadas para establecer a avaliación inicial serán:

- Análise do expediente académico previo.
- Observación e análise do traballo na aula.
- Proposta de traballo específico puntual de contraste de xeito ben oral, ben escrito.
- Abrir un breve período de observación (de 3 a 5 días) presumindo un nivel ideal e a vista dos resultados chegar a conclusións ao respecto.
- Someter aos alumnos/as a una proba obxectiva oral ou escrita formal.

Tendo en consideración os resultados que proporcionen os anteditos medios procederáse á toma de decisións (todos estes acordos tomaranse na sesión de avaliación inicial que se programa desde a dirección ao comezo de cada curso escolar):

- Os alumnos/as con nivel baixo a media serían sometidos a un programa específico de repaso ou reforzo temporal e breve.

- Inicio de repaso selectivo da materia do curso anterior durante una semana.
- Medidas de reforzo mais permanentes.

XI. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Actividades de ampliación e reforzo

Partimos da premisa de que en toda clase de hai alumnos/as con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe, e tamén con diversos graos de motivación. Xa que logo, marcámonos como obxectivo que todo o alumnado participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e teñan o éxito que lle corresponda á súa capacidade e interese.

A diversidade de exercicios e actividades utilizados fai posible que todos os alumnos/as atopen algún que se adapte ao seu estilo de aprendizaxe. Por exemplo, os enfoques indutivo e dedutivo que se adoptan para o estudo proporcionan formas diferentes de acceder a un mesmo coñecemento, e, segundo o seu estilo individual de aprendizaxe, os alumnos/as beneficiaranse dun ou doutro enfoque.

En canto ós ritmos de aprendizaxe, o deseño de actividades diferenciadas permite que o alumnado que o necesite dispoña de actividades de ampliación ou de reforzo.

O profesor/a proporcionará actividades de ampliación para alumnos/as que rematan antes o seu traballo e fomentará a elaboración de proxectos.

En moitos casos, os alumnos/as teñen problemas porque non dominan as técnicas de estudo, polo tanto traballarase a aprendizaxe destas técnicas ao longo do proceso formativo.

XII. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

a) PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.

O carácter transversal que a educación en valores ten, implica a súa inclusión en todos os momentos do proceso educativo. Debemos aproveitar o traballo da comunidade educativa para fomentar a tolerancia e o respecto, tanto ás persoas como ás súas ideas e á súa forma de vida.

Igualmente debemos dar a coñecer as N.O.F. e aplicarlas con flexibilidade, insistindo en que o traballo colectivo e a colaboración non está en contradición coa organización xerarquizada do centro e do traballo na aula.

Os temas transversais tratados en cada unidade desta programación inclúen aspectos relacionados coa educación en valores.

b) APORTACIÓNS AO PLAN DE CONVIVENCIA.

O plan de convivencia debería contemplar e desenvolver todos os aspectos normativizados nas N.O.F.C.

Serán importantes, entre outros aspectos:

Xerar un ambiente escolar rico, libre, estimulante e de colaboración entre todos os membros da comunidade educativa.

Integrar a todos os membros da comunidade educativa , dando unha recepción cordial e empática aos novos membros.

Ademais da información das normas correctas de comportamento e respecto, informar aos alumnos dos mínimos esixibles e dos criterios de cualificación.

Intentar reflexionar colectivamente sobre os problemas posibles ou suscitados, estimulando a comunicación entre os membros da comunidade, intentando sempre chegar a consensos razoables e suxeitos a norma.

Crear un clima de respecto e colaboración á hora de facer traballo individual ou en equipo, así como de respecto e coidado do material colectivo e do mobiliario.

Intentar detectar canto antes procesos de acoso na aula, xa sexa este de forma ostentosa (con violencia ou insulto) ou ben de xeito máis sutil que teñen como orixe a pertenza a unha minoría étnica, ou relixiosa ou ben causado por eivas de orixe físico, diferenzas motoras ou psíquicas.

Combater e sancionar todo tipo de comportamento violento, lesivo e discriminatorio para co alumnado e o profesorado.

Aplicar as sancións pertinentes e establecidas por norma e protocolo cando proceda.

Pasar ao XADE as faltas de asistencia diariamente.

Manter información e comunicación constante entre o profesor/a e o titor/a. Informar de inmediato ao titor e facer chegar ás familias todo tipo de incidencias pertinentes en canto a rendemento, comportamento, actitude, etc.

Manter informadas ás familias e recabar delas información en casos puntuais.

Falar co Departamento de Orientación sempre que proceda.

c) FOMENTO DA LECTURA

Nas sesións de aula realizaranse lecturas en voz alta dos textos contidos nos libros do estudante, procedendo despois a realizar actividades de comprensión de diversa índole.

Realización de traballos de investigación e documentais sobre distintos temas transversais, que lles obrigan a extraer información despois da lectura de textos máis extensos. Ás veces expoñendo estes traballos nas aulas.

É decisivo para nós traballar a lectura de maneira non impositiva senón lúcida, lúdica e creativa. O pracer dese proceso pode ser importante para acadar os obxectivos desexados.

d) FOMENTO DAS TIC's.

AS materiaS de Filosofía e Antropoloxía non teñen como fin principal a consecución de habilidades nas TIC's, senón desenvolver no alumnado as competencias clave.

As TIC's son, deste modo, un medio para conseguir unha serie de obxectivos entre os que se atopa a competencia dixital; polo tanto as tecnoloxías da información e da comunicación incorpóranse a práctica docente como ferramentas de comunicación e aprendizaxe para que o alumno adquira as destrezas que lle permitan ser protagonista do seu proceso de aprendizaxe e non un mero receptor de información. Debe, así mesmo, desenvolver actitudes de interese, respecto e aceptación de realidades culturais diferentes, concibindo as TIC's como unha gran fiestra aberta ao mundo.

No centro contamos con diversas aulas de informática onde o estudante e o profesor/a aproveitarán os distintos recursos que ofrece Internet, pero non só como unha vía máis de información senón tamén de ampliación e actualización de coñecementos.

Con esta ferramenta trataremos de utilizar unha metodoloxía activa, é dicir, aprender facendo.

Hai que destacar que no noso centro hai catro aulas ABALAR para os grupos de 1º e 2º da ESO, pero para o resto dos grupos, as aulas de informática só están dispoñibles cando non se imparten as materias específicas de informática, sendo un número de horas moi reducido e a disposición do resto das materias.

As actividades que se propoñen inicialmente para o presente curso, sen prexuízo de que poidan incorporarse outras novas, centraranse na busca dirixida a través da rede de páxinas que teñan que ver coa materia.

XIII. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

As actividades complementarias e extraescolares quedan abertas dado que dependemos de factores externos a nós.

XIV. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN (Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora).

A labor de reprogramación perfectiva e una necesidade non discutible, como tamén é certo que establecer una relación causa-efecto respecto de que parámetros son os que determinan os resultados no proceso de ensinanza-aprendizaxe, é tarefa sumamente difícil.

O marco máis axeitado para valorar e avaliar a programación son a posta en práctica na aula e as xuntas de departamento.

É precisa una valoración colectiva con apartacións desde diferentes perspectivas.

A reconsideración da programación debe estar baseada coa maior cantidade de datos obxectivos posible; consideráranse entre outros:

- As horas asignadas a cada unidade didáctica,
- A extensión dos contidos impartidos en relación cos previstos,
- O grado de consecución por parte do alumnado dos obxectivos previstos e da competencia acadada,
- O grado de consecución das metas fixadas polo profesor/a no exercicio da súa actividade profesional,
- Os resultados das avaliacións externas e internas,
- Os resultados obtidos nas probas de acceso á universidade (PAU),
- A valoración do que atinxe á metodoloxía e recursos didácticos empregados fundada na reaccións dos alumnos/as durante a explicación e no traballo na clase.

Os posibles cambios formais levaríanse a cabo preferiblemente na programación do curso inmediatamente seguinte e, de ser o caso e por razóns relevantes e urxentes, nos meses de xaneiro, ou abril do propio curso no que se detecte a necesidade de modificar algún aspecto acordado polo Departamento.

**PROGRAMACIÓN DA
MATERIA: HISTORIA DA
FILOSOFÍA DE 2º
BACHARELATO LOMCE.
I.E.S. ARMANDO COTARELO
VILAGARCÍA DE AROUSA
CURSO 2022-2023**

Esta materia será impartida neste curso, tanto na quenda da mañá como no bacharelato de adultos, polo profesor don Juan Manuel Nieto Martín.

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA «HISTORIA DA FILOSOFÍA» AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. RÚBRICAS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CORRECCIÓN.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

PLAN DE SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS EN BACHARELATO.

DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS A ADOPTAR Á VISTA DOS RESULTADOS OBTIDOS.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

- PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

- APORTACIÓNS AO PLAN DE CONVIVENCIA
- FOMENTO DA LECTURA
- FOMENTO DAS TIC's

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN (Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora)

XV. INTRODUCCIÓN

Esta programación insírese no contexto da implantación completa da LOMCE, iniciada no curso escolar 2015-2016.

Cursos a impartir polo noso Departamento

Esta programación abrangue todas as materias e cursos ao noso cargo, que son:

Cursos 3º e 4º ESO: Valores Éticos.

Cursos 1º e 2º de Bacharelato: Filosofía, Antropoloxía, Historia da Filosofía, Psicoloxía.

Cursos 1º e 2º de Bacharelato de Adultos: Filosofía, Historia da Filosofía, Psicoloxía.

Composición do Departamento:

Este departamento didáctico está formado polos seguintes profesores/as :

Jesús Merino Palacios, que imparte: Valores Éticos en 4º ESO, , Antropoloxía en 1º Bacharelato e Psicoloxía, en 2º de Bacharelato, diúrno e de adultos.

Juan Manuel Nieto Martín, que imparte: Valores Éticos en 3º ESO, Historia da filosofía 2º Bacharelato diúrno e de adultos.

Bruno Formoso Andón, que imparte Filosofía en 4º ESO, Filosofía en 1º de Bacharelato diúrno e de adultos.

XVI. CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

O IES Armando Cotarelo Valledor comeza a funcionar no curso 1992/93, como desdobre do Instituto de F.P. Fermín Bouza Brey do que se traslada a rama administrativa-comercial e a de secretariado para este novo centro. Introdúcese tamén o 3º curso da ESO e dous grupos de 2º de BUP que non tiñan cabida nos outros centros de ensinanza media da Vila.

O alumnado da ESO procede dos colexios adscritos de Rubiáns e de Vilaxoán, aínda que tamén se acollen alumnos/as doutros centros da zona.

O alumnado de Bacharelato provén maioritariamente do noso alumnado da ESO, aínda que cada ano tamén se incorporan alumnos/as dos outros centros de Vilagarcía ou de concellos limítrofes.

O alumnado que opta pola oferta dos ciclos formativos procede tanto do propio concello, como de concellos limítrofes e doutros máis afastados: Valga, Catoira, Caldas, Vilanova, Illa de Arousa, O Grove, Rianxo, A Estrada, etc.

Situación socio-económica e cultural do contorno

O Centro atópase situado na parroquia de Sobradelo, na periferia de Vilagarcía, a 2 km. do centro urbano, nunha zona limítrofe entre Sobradelo e Vilaxoán.

As principais actividades económicas do entorno son:

Pesca e marisqueo

Agricultura

Hostalería

Conserva (actualmente en plena decadencia)

Acuicultura (parques flotantes de mexillón e ostra, cetarias e depuradoras)

Comercio, actividades industriais e outras

Atendendo aos resultados extraídos da última avaliación externa, o Índice Socioeconómico e Cultural (ISEC) que lle corresponde ao centro é **baixo**.

Algúns problemas que non podemos obviar como centro de ensino son os seguintes:

- A elevada taxa de desemprego existente na comarca, así como o escaso tecido industrial.
- A valoración negativa que existe sobre a posibilidade de acceder ao mundo laboral en condicións minimamente dignas (o que, xunto coas poucas expectativas de continuar estudos superiores, é fonte dunha gran desmotivación).
- O escaso -nalgúns casos nulo- hábito de estudo e mesmo de lectura do noso alumnado.
- Respecto da lingua, cabe dicir que o alumnado, maioritariamente, se expresa en castelán.

XVII. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA «HISTORIA DA FILOSOFÍA» AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A incorporación das competencias clave ao currículo introduce dous novos enfoques: por unha banda permítenos identificar as aprendizaxes imprescindibles para o alumnado e por outra banda achega unha visión integradora do proceso de aprendizaxe. Isto quere dicir que, aínda que as áreas e materias son as que ofrecen os contidos concretos diferenciados, a aprendizaxe deberá facerse desde unha perspectiva integradora e de colaboración.

Queda recollido no seguinte apartado da programación.

XVIII. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, CONTIDOS, COMPETENCIAS CLAVE, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CORRECCIÓN

TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN AGRUPADA DOS ESTÁNDARES DO CURSO

CURSO	Historia Filosofía		
NIVEL	2º SECUNDARIA: BACHARELATO	ÁREA	Historia da Filosofía (HF)

CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN		Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo para superar o estándar	C.C. do estándar	TRIMESTRES		
Procedemento e instrumento	Peso				T1	T2	T3
PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Resolución de exercicios e problemas	20%	2º-HFB1.1.1-Comprende o sentido global dos textos máis salientables dos/das autores/as estudados/as, recoñecendo a orde lóxica da argumentación e as formulacións que se de-fenden, e é quen de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas.	Comprende polo menos o sentido de un texto salientable do autor estudado recoñecendo a idea principal, sendo capaz de explicitar a argumentación contida no texto e de relacionar no que nel se defende coas posturas mantidas o respecto por outros autores.	CCL	X	X	X
		2º-HFB1.1.2-Analiza as ideas do texto, identificando a conclusión e os conceptos e as ideas relevantes, e recoñece a súa estrutura e a orde lóxica das súas ideas.	É capaz de analizar un texto dun autor identificando as ideas principais, a orde lóxica existente entre elas, o modo como están estruturadas no texto e o significado dos términos máis relevantes.	CCL, CAA	X	X	X
		2º-HFB1.1.3-Argumenta a explicación das ideas presentes no texto, en relación coa filosofía do/da autor/a e os contidos estudados	É capaz de explicar as ideas contidas en un texto e de poñelas en relación cos contidos estudados de dito autor	CCL, CAA	X	X	X

2º-HFB1.2.1-Argumenta as súas propias opinións con claridade e coherencia, tanto oralmente como por escrito.	E capaz de emitir polo menos unha opinión argumentada sobre o tema que se este tratando , tanto oralmente como por escrito.	CCL CSIEE	X	X	X
2º-HFB2.1.1-Utiliza conceptos de Platón como idea, mundo sensible, mundo intelixible, ben, razón, doxa, episteme, universal, absoluto, dualismo, reminiscencia, transmigración, mímese, methexe, virtude e xustiza, entre outros, e aplícaos con rigor.	Demostra que entende e é capaz de utilizar axeitadamente termos propios da filosofía platónica como mundo sensible/intelixible, ben, doxa, episteme, razón, dualismo ontolóxico/antropolóxico, reminiscencia, transmigración, mímese, virtude e xustiza.	CCL	X		
2º-HFB2.1.2-Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral como na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude.	Demostra tanto oralmente como por escrito que comprende as principais doutrinas filosóficas platónicas: dualismo ontolóxico, graos do coñecemento, doutrina da reminiscencia, dualismo antropolóxico e correlación entre as virtudes morais e as virtudes políticas.	CCL	X		

2º-HFB2.1.3-Distingue as respostas da corrente presocrática en relación á orixe do Cosmos, os conceptos fundamentais da dialéctica de Sócrates e o convencionalismo democrático e o relativismo moral dos sofistas, identificando os problemas da filosofía antiga, e relacionando esas respostas coas solucións achegadas por Platón.	Indica a que problemáticas filosóficas corresponden as principais doutrinas dos filósofos presocráticos, da sofística e de Sócrates e é capaz de establecer a correlación correspondente coas solucións platónicas.	CAA	X		
2º-HFB2.1.4-Respecta o esforzo da filosofía de Platón por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Grecia antiga, valorando positivamente o diálogo como método filosófico, o nacemento das utopías sociais, o sentido do gobernante-filósofo ou a súa defensa da inclusión das mulleres na educación.	O alumno valora positivamente algún aspecto da filosofía de Platón. Así mesmo, comprende a utilidade e pertinencia do diálogo como o método máis propio da filosofía.	CSC	X		
2º-HFB2.2.1-Utiliza con rigor conceptos do marco do pensamento de Aristóteles, como substancia, ciencia, metafísica, materia, forma, potencia, acto, causa, efecto, teleoloxía, lugar natural, indución,	Demostra que entende e é capaz de utilizar axeitadamente termos propios da filosofía aristotélica como substancia/accidente, acto/potencia, materia/forma, causa, teleoloxía,	CCL	X		

	dedución, abstracción, alma, monismo, felicidade e virtude, entre outros.	dedución, abstracción, alma, felicidade e virtude.				
	2º-HFB2.2.2-Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais de Aristóteles, examinando a súa concepción da metafísica e da física, o coñecemento, a ética eudemonística e a política, en comparación coas teorías de Platón.	Demostra tanto oralmente como por escrito que comprende as principais doutrinas filosóficas aristotélicas na física, a metafísica, a tª do coñecemento, a ética e a política e que é capaz de comparalas coas doutrinas platónicas.	CCL	X		
	2º-HFB2.2.3-Describe as respostas da física de Demócrito, identificando os problemas da filosofía antiga, e relaciona esas respostas coas solucións achegadas por Aristóteles.	Coñece cinco diferenzas fundamentais entre o atomismo materialista de Demócrito e a física aristotélica.	CAA	X		
	2º-HFB2.2.4-Estima e razoa o esforzo da filosofía de Aristóteles por contribuír ao desenvolvemento do pensamento occidental, valorando positivamente a formulación científica das cuestións.	Comprende e valora cinco grandes contribucións que fixo Aristóteles a historia do pensamento occidental.	CMCT	X	X	X

2º-HFB2.3.1-Describe as respostas das doutrinas éticas helenísticas, e identifica algúns dos grandes logros da ciencia alexandrina.	Coñece a principal afirmación das distintas doutrinas moráis helenísticas: epicureísmo, estoicismo e escepticismo. Coñece os principais fitos da ciencia helenística: Euclides, Apolonio, Arquimedes, Eratostenes, Hiparco.	CMCT	X		
2º-HFB3.1.1-Explica o encontro da filosofía e a relixión cristiá nas súas orixes, a través das teses centrais do pensamento de Agostiño de Hipona.	Comprende a contraposición entre a nova fe cristiana e a tradición racionalista grega no que respecta ao concepto de divindade, historia, humanidade e verdade así como coñece a solución dada por san Agostiño a estas cuestións	CCEC	X		
2º-HFB3.2.1-Explica o encontro da filosofía e a relixión Define conceptos de Tomé de Aquino, como razón, fe, verdade, deus, esencia, existencia, creación, inmortalidade, lei natural, lei positiva e precepto, entre outros, e aplícaos con rigor.	Demostra que entende e é capaz de utilizar axeitadamente termos propios da filosofía tomista como razón/fe, esencia/existencias, Deus/creación, lei divina/natural/positiva.	CCL	X		

2º-HFB3.2.2-Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Tomé de Aquino, distinguindo a relación entre fe e razón, as vías de demostración da existencia de Deus, e a lei moral, en comparación coas teorías da filosofía Antiga.	Demostra tanto oralmente como por escrito que comprende as principais doutrinas filosóficas tomistas no que respecta as relacións entre a razón e a fe, as vías de demostración da existencia de Deus e a diferenza e vinculación existente entre os tres tipos de leis: eterna, natural e positiva.	CCL	X		
2º-HFB3.2.3-Discrimina as respostas do agostinismo, a filosofía árabe e xudía, e o nominalismo, identificando os problemas da filosofía medieval, en relación coas solucións achegadas por Tomé de Aquino.	Identifica os problemas principais da filosofía medieval (fe/razón, demostración da existencia de Deus, relación Deus/criatura, problema dos universais, intelectualismo/voluntarismo moral) e coñece a solución dada polo agostinismo, a esclástica arabe, xudea ,cristiana (sto. Tomás) e o nominalismo.	CAA	X		
2º-HFB3.2.4-Valora o esforzo da filosofía de Tomé de Aquino por contribuír ao desenvolvemento das ideas e os cambios sociais da Idade Media, xulgando positivamente a universalidade da lei moral.	Valora a contribución de santo Tomás na creación e consolidación da noción de "lei natural"	CSC	X		

2º-HFB3.3.1-Coñece as teses centrais do nominalismo de Guillerme de Ockham e a súa importancia para a entrada na modernidade.	Coñece as principais teses do nominalismo ockhamista (cuestionamento dos universais e voluntarismo teolóxico) e entende a súa relevancia para o advenimento da modernidade.	CCEC	X		
2º-HFB4.1.1-Comprende a importancia intelectual do xiro do pensamento científico que se deu no Renacemento, e describe as respostas da filosofía humanista sobre a natureza humana.	Comprende que foi a revolución astronómica e científica que se puxo en marcha no Renacemento así como a nova noción de ser humano e da súa educación propia do Humanismo.	CMCT		X	
2º-HFB4.1.2-Explica as ideas ético-políticas fundamentais de N. Maquiavelo e compáraas cos sistemas ético-políticos anteriores.	Explica os principios fundamentais do realismo político maquiavélico e o compara coa concepción política dominante na Idade Media	CSC		X	
2º-HFB4.2.1-Identifica conceptos de Descartes como razón, certeza, método, dúbida, hipótese, "cogito", idea, substancia e subxectivismo, entre outros,	Demostra que entende e é capaz de utilizar axeitadamente termos propios da filosofía cartesiana como razón, certeza, método, dúbida, cogito, idea, innatismo,	CCL		X	

e aplícaos con rigor.	substancia.				
2º-HFB4.2.2-Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Descartes, analizando o método e a relación entre coñecemento e realidade a partir do "cogito" e o dualismo no ser humano, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval.	Demostra tanto oralmente como por escrito que comprende as principais doutrinas filosóficas cartesianas: doutrina do método, dúbida metódica, o "cogito" como principio do coñecemento, a noción de certeza como claridade e distinción, o papel metafísico de Deus, a noción de substancia, o mecanicismo, o dualismo mente/corpo e as relaciona con outras correntes da hª da filosofía.	CCL		X	
2º-HFB4.2.3-Identifica os problemas da filosofía moderna e relaciónaos coas solucións aportadas por Descartes.	Identifica os principais problemas da filosofía moderna (a búsqueda do método, o problema do coñecemento, a nova noción de verdade, a nova concepción da substancia) e indica cales foron as solucións propostas por Descartes	CCEC		X	
2º-HFB4.2.4-Estima e razoa o esforzo da filosofía de Descartes por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a universalidade da razón cartesiana.	Comprende a importancia de Descartes na historia da cultura como o pai da filosofía moderna: mecanicismo, idealismo, método, universalidade da razón, concepción da alma como mente.	CSC		X	

2º-HFB4.3.1-Utiliza conceptos de Hume como escepti-cismo, crítica, experiencia, percepción, inmanencia, asociación, impresi3ns, ideas, h3bito, contradici3n, causa, crenza, sentimento, m3rito, utilidade, felicidade, contrato social, liberdade e deber, entre outros, e 3saos con rigor.	Demostra que entende e 3 capaz de utilizar axeitadamente termos propios da filosof3a humeana como experiencia, percepci3n, impresi3n, idea, conocimiento de feitos, relaci3ns entre ideas, h3bito, sentimento e utilidade.	CCL		X	
2º-HFB4.3.2-Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teor3as fundamentais de Hume, distinguindo os principios e os elementos do coñecemento respecto 3 a verdade, a cr3tica 3 causalidade e 3 substancia, e o emotivismo moral, en comparaci3n coas teor3as da filosof3a antiga e da medieval, e co racionalismo moderno.	Demostra tanto oralmente como por escrito que comprende as principais doutrinas filos3ficas humeanas: elementos do coñecemento, forquilla de Hume, cr3tica da noci3n de causalidade e sustancialidade, h3bito e emotivismo moral e as relaciona con outras correntes da hª da filosof3a.	CMCT		X	
2º-HFB4.3.3-Coñece e explica as ideas centrais do liberalismo pol3tico de Locke, identificando os problemas da filosof3a moderna, e relaci3naas coas soluci3ns aportadas por Hume.	Entende as principais doutrinas filos3ficas lockeanas sendo capaz de identificar nelas tres problemas da filosof3a moderna e de comparalas coas doutrinas humeanas. Coñece tamen o liberalismo pol3tico lockeano.	CSC		X	

2º-HFB4.3.4-Valora o esforzo da filosofía de Hume por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, xulgando positivamente a procura da felicidade colectiva.	Valora positivamente a contribución da filosofía de Hume ao afianzamento do espírito crítico e tolerante característico da Idade Moderna e a busca política e moral da felicidade colectiva.	CSC		X	
2º-HFB4.4.1-Comprende os ideais que impulsaron os ilustrados franceses, e explica o sentido e transcendencia do pensamento de Rousseau, a súa crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral.	Coñece cales foron os principais ideais da Ilustración francesa e as principais nocións e doutrinas da filosofía de Rousseau: crítica da civilización, estado de natureza, contrato social, vontade xeral.	CSC		X	
2º-HFB4.5.1-Aplica conceptos de Kant como sensibilidade, entendemento, razón, crítica, transcendental, ciencia, innato, xuízo, a priori, a posteriori, facultade, intuición, categoría, ilusión transcendental, idea, lei, fenómeno, nómeno, vontade, deber, imperativo categórico, autonomía,	Coñece e aplica con rigor conceptos kantianos como sensibilidade, entendemento, razón, crítica, transcendental, a priori/a posteriori, intuición, categoría, fenómeno/noúmeno, boa vontade, deber, imperativo categórico, autonomía, dignidade,	CAA		X	

<p>postulado, liberdade, dignidade, persoa, paz e pacto, entre outros, e utilízaos con rigor</p>	<p>persoa, paz perpetua, sociedade cosmopolita.</p>				
<p>2º-HFB4.5.2-Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Kant, analizando as facultades e os límites do coñecemento, a lei moral e a paz perpetua, comparándoas coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna.</p>	<p>Demostra tanto oralmente como por escrito que comprende as principais doutrinas filosóficas kantianas: análise crítica do coñecemento, o formalismo moral e a paz perpetua e as relaciona con outras correntes da hª da filosofía.</p>	CCL		X	
<p>2º-HFB4.5.3-Describe a teoría política de Rousseau, identificando os problemas da filosofía moderna e relacionándoa coas solucións achegadas por Kant.</p>	<p>Coñece a tª política de Rousseau identificando nela tres problemas da filosofía política moderna e relacionándoa coas solucións kantianas.</p>	CCL		X	
<p>2º-HFB4.5.4-Respecta e razoa o esforzo da filosofía de Kant por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a dignidade e a procura da paz</p>	<p>Valora a relevancia da filosofía kantiana no recoñecemento e afianzamento da dignidade da persoa e a procura da paz entre as nacións.</p>	CSC		X	

entre as nacións					
2º-HFB5.1.1-Identifica conceptos de Marx como dialéctica, materialismo histórico, praxe, alienación, infraestrutura, superestructura, forzas produtivas, medios de produción, loita de clases, traballo, plusvalor e humanismo, entre outros, e utilízalos con rigor.	Coñece e aplica con rigor conceptos de Marx como dialéctica, materialismo histórico, alienación,, infraestrutura/sobreestructura, forzas productivas/medios de produción, loita de clases, plusvalía.	CSC			X
2º-HFB5.1.2-Coñece e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Marx, examinando o materialismo histórico e a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e expón a súa visión humanista do individuo.	Demostra tanto oralmente como por escrito que comprende as principais doutrinas filosóficas marxistas: teoría da alienación, humanismo marxista, noción de ideoloxía e materialismo histórico.	CCL			X
2º-HFB5.1.3-Identifica os problemas da filosofía contemporánea en relación coas solucións achegadas por Marx.	Identifica tres problemas da filosofía contemporánea no pensamento de Marx.	CSC			X

2º-HFB5.1.4-Valora o esforzo da filosofía de Marx por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, xulgando positivamente a defensa da igualdade social.	Valora a influencia do marxismo nos cambios socio-económicos producidos nos últimos cento cincuenta anos e a súa defensa da igualdade social.	CSC			X
2º-HFB5.2.1-Define conceptos de Nietzsche como crítica, traxedia, intuición, metáfora, convención, perspectiva, xenealoxía, transvaloración, nihilismo, superhome, vontade de poder, e eterno retorno, entre outros, e aplícaos con rigor.	Coñece e aplica con rigor conceptos de Nietzsche como traxedia, xenealoxía, transvaloración, nihilismo, superhome, vontade de poder e eterno retorno.	CCL			X
2º-HFB5.2.2-Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Nietzsche, considerando a crítica á metafísica, á moral e á ciencia, a verdade como metáfora, e a afirmación do superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, en	Demostra tanto oralmente como por escrito que comprende as principais doutrinas filosóficas nietzscheanas como a crítica a metafísica e a moral, a inversión de valores, a vontade de poder e o superhome e as relaciona con outras correntes da hª da filosofía.	CCL			X

<p>comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea.</p>					
<p>2º-HFB5.2.3-Distingue as respostas de Schopenhauer na súa afirmación da vontade e identifica os problemas da filosofía contemporánea, en relación coas solucións achegadas por Nietzsche.</p>	<p>Comprende as diferenzas entre a teoría schopenhaueriana acerca da vontade e a nietzscheana identificando a súa relación con tres problemas da filosofía contemporánea.</p>	<p>CCEC</p>			<p>X</p>
<p>2º-HFB5.2.4-Estima o esforzo da filosofía de Nietzsche por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora a defensa da verdade e da liberdade.</p>	<p>Valora a defensa da liberdade e do individuo da filosofía de Nietzsche e comprende a súa influencia na mentalidade contemporánea</p>	<p>CSC</p>			<p>X</p>
<p>2º-HFB5.3.1-Utiliza conceptos de Ortega y Gasset e aplícaos con rigor, como obxectivismo, ciencia, europeización, filosofía, mundo, circunstancia, perspectiva, razón vital, raciovitalismo, vida, categoría, liberdade, idea, crenza,</p>	<p>Coñece e aplica con rigor conceptos de Ortega como europeización, circunstancia, perspectiva, razón vital, idea/crenza, razón histórica, home masa</p>	<p>CCL</p>			<p>X</p>

<p>historia, razón histórica, xeración, home-masa e home selecto, entre outros.</p>					
<p>2º-HFB5.3.2-Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía e da análise social de Ortega y Gasset, en relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, entre outras</p>	<p>Demostra tanto oralmente como por escrito que comprende as principais doutrinas filosóficas e de análise social orteguianas e as relaciona con outras posturas filosóficas como o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo.</p>	<p>CCL</p>			<p>X</p>
<p>2º-HFB5.3.3-Respecta o esforzo da filosofía de Ortega y Gasset por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais e culturais da Idade Contemporánea española, e valora o seu compromiso coa defensa da cultura e da democracia.</p>	<p>Valora a importancia do pensamento de Ortega no contexto da filosofía e sociedade española e hispanoamericana e a súa defensa da cultura e a democracia.</p>	<p>CSC</p>			<p>X</p>
<p>2º-HFB5.4.1-Identifica conceptos de Habermas, como coñecemento, interese, consenso, verdade, enunciado,</p>	<p>Coñece e aplica con rigor conceptos de Habermas como coñecemento/interese, verdade como consenso, comunicación,</p>	<p>CSC</p>			<p>X</p>

	comunicación, desigualdade, ou mundo da vida, e conceptos da filosofía posmoderna, como deconstrución, diferenza, cultura, texto, arte, e comunicación, entre outros, aplicándoos con rigor.	mundo da vida e conceptos propios da filosofía posmoderna como deconstrución, diferenza ou texto.				
	2º-HFB5.4.2-Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías da filosofía de Habermas, distinguindo os intereses do coñecemento e a acción comunicativa, e as teorías fundamentais da posmodernidade, analizando a deconstrución da modernidade desde a multiplicidade da sociedade da comunicación.	Demostra tanto oralmente como por escrito que comprende as principais doutrinas filosóficas habermasianas e posmodernas como a tª da acción comunicativa e a dos intereses do coñecemento, e a tª da deconstrución.	CCL			X
	2º-HFB5.4.3-Identifica as respostas da filosofía crítica da escola de Frankfurt e reflexiona sobre elas, identificando os problemas da filosofía con-temporánea.	Comprende cal foi a resposta da Escola de Frankfurt a tres problemas da filosofía contemporánea	CAA			X
	2º-HFB5.4.4-Estima o esforzo da filosofía	Valora a contribución do pensamento	CSC			X

	de Habermas e do pensamento posmoderno por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora o seu esforzo na defensa do diálogo racional e o respecto á diferenza.	habermasiano e posmoderno nos cambios sociais máis recentes e a súa defensa do respecto a diferenza e do diálogo racional.					
	2º-HFB5.4.5-Coñece as teses características do pensamento posmoderno, como a crítica á razón ilustrada, á idea de progreso, ao pensamento totalizador e á trivialización da existencia, o crepúsculo do deber, ou a perda do suxeito fronte á cultura de masas, entre outras.	Coñece as doutrinas posmodernas acerca da crítica da razón ilustrada, da idea de progreso, do pensamento totalizador e do fin do suxeito.	CSC			X	
	2º-HFB5.4.6-Explica e argumenta sobre as principais teses dos filósofos posmodernos, como Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e reflexiona sobre a súa vivencia.	Explica as principais doutrinas filosófica de pensadores posmodernos como Vattimo, Lyotard e Braudillard e reflexiona acerca da súa actualidade	CAA CCL			X	
PROCEDEMENTO: Análise das producións	1%	2º-HFB1.1.2-Analiza as ideas do texto,	É capaz de analizar un texto dun autor	CCL, CAA	X	X	X

dos alumnos/as INSTRUMENTO: Textos escritos		identificando a conclusión e os conceptos e as ideas relevantes, e recoñece a súa estrutura e a orde lóxica das súas ideas.	identificando as ideas principais, a orde lóxica existente entre elas, o modo como están estruturadas no texto e o significado dos termos máis relevantes.				
		2º-HFB1.1.3-Argumenta a explicación das ideas presentes no texto, en relación coa filosofía do/da autor/a e os contidos estudados	É capaz de explicar as ideas contidas en un texto e de poñelas en relación cos contidos estudados de dito autor	CCL, CAA	X	X	X
		2º-HFB1.3.4-Realiza redaccións ou disertacións, traballos de investigación e proxectos que impliquen un esforzo creativo e unha valoración persoal dos problemas filosóficos formulados na historia da filosofía.	Realiza o longo do curso polo menos un traballo de investigación sobre un autor ou un problema filosófico de libre elección. Cada trimestre, entregará unha disertación sobre un tema proposto polo profesor.	CSIEE	X	X	X
		2º-PSB4.2.4-Analiza o que é o pensamento, apreciando a validez tanto do razoamento como da creatividade na resolución de problemas e na toma de decisións.	Analiza o que é o pensamento, apreciando a validez tanto do razoamento como da creatividade na resolución de problemas e na toma de decisións.	CCEC		X	

		2º-PSB4.3.1-Valora a importancia das teorías de Gardner e Goleman, realizando un esquema das competencias da intelixencia emocional e a súa importancia no éxito persoal e profesional.	Valora a importancia das teorías de Gardner e Goleman, realizando un esquema das competencias da intelixencia emocional e a súa importancia no éxito persoal e profesional.	CAA		X	
		2º-PSB4.4.1-Avalía, en traballo grupal, as vertentes positivas e negativas das aplicacións da intelixencia artificial, así como os perigos que pode representar pola súa capacidade para o control do ser humano, invadindo a súa intimidade e a súa liberdade.	Avalía, en traballo grupal, as vertentes positivas e negativas das aplicacións da intelixencia artificial, así como os perigos que pode representar pola súa capacidade para o control do ser humano, invadindo a súa intimidade e a súa liberdade.	CMCT CSIEE		X	
		2º-PSB5.1.1-Utiliza e selecciona información acerca das teorías da motivación (homeostática; das necesidades; do incentivo; cognitivas; psicanalíticas; humanistas), utilizando mapas conceptuais, e elabora conclusións.	Utiliza e selecciona información acerca das teorías da motivación (homeostática; das necesidades; do incentivo; cognitivas; psicanalíticas; humanistas), utilizando mapas conceptuais, e elabora conclusións.	CAA		X	

		2º-PSB5.1.2-Recorre á súa iniciativa para realizar unha presentación, con medios informáticos, acerca das causas da frustración, partindo da clasificación dos conflitos de Lewin e valorando as respostas alternativas a esta, como a agresión, o logro indirecto, a evasión, a depresión ou a súa aceptación (tolerancia á frustración).	Recorre á súa iniciativa para realizar unha presentación, con medios informáticos, acerca das causas da frustración, partindo da clasificación dos conflitos de Lewin e valorando as respostas alternativas a esta, como a agresión, o logro indirecto, a evasión, a depresión ou a súa aceptación (tolerancia á frustración).	CSIEE		X	
		2º-PSB5.1.3-Argumenta, en colaboración grupal, sobre a importancia da motivación no ámbito laboral e educativo, analizando a relación entre motivación e consecución de logros.	Deseña, en pequeno grupo, un programa para potenciar a motivación pola formación para 1º ESO.	CSIEE		X	
		2º-PSB5.2.1-Describe, establecendo semellanzas e diferenzas, as teorías da personalidade, como as provenientes da psicanálise, o humanismo, as tipoloxías, o cognitivismo e o condutismo, valorando as achegas que cada unha delas realizou no coñecemento da natureza humana.	Individualmente ou en pequeno grupo investiga sobre unha das teorías da personalidade do estándar e a expón ante o grupo.	CAA		X	

		2º-PSB5.2.2-Recorre á súa iniciativa persoal para realizar unha presentación, a través de medios audiovisuais, sobre as fases do desenvolvemento da personalidade, por exemplo segundo a teoría psicanalista, e elaborar conclusións sobre os cambios que se producen en cada unha delas.	Recorre á súa iniciativa persoal para realizar unha presentación, a través de medios audiovisuais, sobre as fases do desenvolvemento da personalidade, por exemplo segundo a teoría psicanalista, e elaborar conclusións sobre os cambios que se producen en cada unha delas.	CSIEE		X	
		2º-PSB5.2.3-Analiza, valorando criticamente, as limitacións dalgúns métodos e estratexias para a avaliación da personalidade, como son as probas proxectivas (test de Rorschach, TAT, test da frustración de Rosenzweig, etc.), as probas non proxectivas (16 FP, NEO-PIR e MMPI) e as técnicas fisiolóxicas (tomografías, etc.).	Analiza, valorando criticamente, as limitacións dalgúns métodos e estratexias para a avaliación da personalidade, como son as probas proxectivas (test de Rorschach, TAT, test da frustración de Rosenzweig, etc.), as probas non proxectivas (16 FP, NEO-PIR e MMPI) e as técnicas fisiolóxicas (tomografías, etc.).	CMCT		X	
		2º-PSB5.2.4-Diserta sobre a complexa relación entre a función da conciencia e os procesos inconscientes, analizando algúns fenómenos inconscientes, como os	Diserta sobre a complexa relación entre a función da conciencia e os procesos inconscientes, analizando algúns fenómenos inconscientes, como os	CCL		X	

		soños ou a hipnose.	soños ou a hipnose.				
		2º-PSB5.2.5-Investiga, en traballo grupal, sobre os estados alterados de conciencia provocados polas drogas, valorando criticamente a súa influencia nas alteracións da personalidade, e presenta as súas conclusións de maneira argumentada.	Investiga, en traballo grupal, sobre os estados alterados de conciencia provocados polas drogas, valorando criticamente a súa influencia nas alteracións da personalidade, e presenta as súas conclusións de maneira argumentada.	CSC		X	
		2º-PSB5.2.6-Indaga sobre a relación entre identidade e autoestima, valorando criticamente a importancia do concepto de si mesmo/a e as repercusións que iso ten no desenvolvemento persoal e vital.	Indaga sobre a relación entre identidade e autoestima, valorando criticamente a importancia do concepto de si mesmo/a e as repercusións que iso ten no desenvolvemento persoal e vital.	CSIEE			X
		2º-PSB5.3.1-Describe perspectivas e modelos de estudo da psicopatoloxía, e reflexiona sobre os métodos utilizados por cada unha delas.	Describe algunha das perspectivas e/ou modelos de estudo da psicopatoloxía, e reflexiona sobre os métodos que utiliza.	CMCT			X

		2º-PSB5.3.2-Utiliza a súa iniciativa persoal para realizar un cadro esquemático, en colaboración grupal e utilizando medios informáticos, acerca das características relativas a algúns tipos de trastornos, por exemplo os asociados ás necesidades biolóxicas e ás adiccións (sexuais, alimentarias, drogodependencias, etc.), ás emocións (ansiedade e depresión), a elementos corporais (psicosomáticos, somatomorfos e disociativos), á personalidade (esquizoide, paranoide, limítrofe, dependente, narcisista, antisocial, etc.), ao desenvolvemento evolutivo (autismo, atraso mental, déficit de atención e hiperactividade, da aprendizaxe, asociados á vellez), etc.	Utiliza a súa iniciativa persoal para realizar un cadro esquemático, en colaboración grupal e utilizando medios informáticos, acerca das características relativas a algúns tipos de trastornos, por exemplo os asociados ás necesidades biolóxicas e ás adiccións (sexuais, alimentarias, drogodependencias, etc.), ás emocións (ansiedade e depresión), a elementos corporais (psicosomáticos, somatomorfos e disociativos), á personalidade (esquizoide, paranoide, limítrofe, dependente, narcisista, antisocial, etc.), ao desenvolvemento evolutivo (autismo, atraso mental, déficit de atención e hiperactividade, da aprendizaxe, asociados á vellez), etc.	CAA			X
		2º-PSB5.4.1-Explica os tipos de afectos (sentimento, emoción e paixón), especificando os seus determinantes hereditarios e aprendidos, e analizando a relación entre emoción e cognición.	Explica os tipos de afectos (sentimento, emoción e paixón), especificando os seus determinantes hereditarios e aprendidos, e analizando a relación entre emoción e cognición.	CCL			X
		2º-PSB5.4.2-Describe as emocións	Describe as emocións primarias (medo,	CCL			X

		primarias (medo, noxo, alegría, tristura, ira, sorpresa, etc.) e secundarias (ansiedade, hostilidade, humor, felicidade, amor, etc.), distinguíndoas das emocións autoconscientes (culpa, vergoña, orgullo, etc.).	noxo, alegría, tristura, ira, sorpresa, etc.) e secundarias (ansiedade, hostilidade, humor, felicidade, amor, etc.), distinguíndoas das emocións autoconscientes (culpa, vergoña, orgullo, etc.).				
		2º-PSB5.4.3-Realiza un cadro comparativo sobre as teorías sobre a emoción, por exemplo como experiencia, como comportamento ou como suceso fisiolóxico, valorando a importancia da psicoafectividade no equilibrio da persoa.	Realiza un cadro comparativo entre as teorías sobre a emoción, por exemplo como experiencia, como comportamento ou como suceso fisiolóxico, valorando a importancia da psicoafectividade no equilibrio da persoa.	CSC			X
		2º-PSB5.4.4-Investiga, a través de internet, algúns trastornos emocionais (indiferenza emocional, dependencia afectiva, trastorno maníaco-depresivo, descontrol emotivo, etc.) e problemas emocionais (medo, fobias, ansiedade, estrés, depresión, etc.), exemplificando a través dalgún soporte audiovisual, e elabora as súas conclusións.	Investiga, a través de internet, algúns trastornos emocionais (indiferenza emocional, dependencia afectiva, trastorno maníaco-depresivo, descontrol emotivo, etc.) e problemas emocionais (medo, fobias, ansiedade, estrés, depresión, etc.), exemplificando a través dalgún soporte audiovisual, e elabora as súas conclusións.	CD			X

		2º-PSB5.5.1-Identifica e aprecia a importancia que, no desenvolvemento e na maduración da persoa, teñen a afectividade e a sexualidade, como dimensións esenciais do ser humano, e describe os aspectos fundamentais da psicoloxía da sexualidade: fisioloxía da resposta sexual, conduta sexual, etc.	Identifica e aprecia a importancia que, no desenvolvemento e na maduración da persoa, teñen a afectividade e a sexualidade, como dimensións esenciais do ser humano, e describe os aspectos fundamentais da psicoloxía da sexualidade: fisioloxía da resposta sexual, conduta sexual, etc.	CSC			X
		2º-PSB5.5.2-Diserta sobre a importancia da linguaxe verbal e non verbal como medios de comunicación emocional na nosa vida cotiá, e expón de xeito claro e argumentado as súas conclusións.	Diserta sobre a importancia da linguaxe verbal e non verbal como medios de comunicación emocional na nosa vida cotiá, e expón de xeito claro e argumentado as súas conclusións.	CCL			X
		2º-PSB6.1.1-Analiza e valora as diferenzas culturais e o seu impacto no comportamento das persoas ao exercer a súa influencia nos esquemas cognitivos, a personalidade e a vida afectiva do ser humano.	Analiza e valora as diferenzas culturais e o seu impacto no comportamento das persoas ao exercer a súa influencia nos esquemas cognitivos, a personalidade e a vida afectiva do ser humano.	CSC			X
		2º-PSB6.1.2-Realiza unha presentación, colaborando en grupo e utilizando medios	Realiza unha presentación, colaborando en grupo e utilizando medios	CD			X

		informáticos, sobre o proceso de socialización humana e a influencia dos grupos, os papeis e os status sociais no desenvolvemento da persoa.	informáticos, sobre o proceso de socialización humana e a influencia dos grupos, os papeis e os status sociais no desenvolvemento da persoa.				
		2º-PSB6.1.3-Investiga acerca da orixe social das actitudes persoais, valorando a súa utilidade para a predición da conduta humana e a súa influencia en condutas de violencia escolar, laboral, doméstica e de xénero, entre outras.	Investiga acerca da orixe social das actitudes persoais, valorando a súa utilidade para a predición da conduta humana e a súa influencia en condutas de violencia escolar, laboral, doméstica e de xénero, entre outras.	CSC			X
		2º-PSB6.2.1-Procura e selecciona información en internet acerca das características da conduta do individuo inmerso na masa, tales como impulsividade, intolerancia, inconsciencia, falta de perseveranza, volubidade e falta de capacidade crítica, entre outras.	Procura e selecciona información en internet acerca das características da conduta do individuo inmerso na masa, tales como impulsividade, intolerancia, inconsciencia, falta de perseveranza, volubidade e falta de capacidade crítica, entre outras	CD			X
		2º-PSB6.2.2-Utiliza e selecciona información acerca do estudo psicolóxico das masas, realizado por Gustav Le Bon, e elabora conclusións acerca do poder da	Utiliza e selecciona información acerca do estudo psicolóxico das masas, realizado por Gustav Le Bon, e elabora conclusións acerca do poder da	CSC			X

		persuasión, o contaxio de sentimentos e emocións que se produce nas masas e os seus efectos na perda temporal da personalidade individual e consciente da persoa.	persuasión, o contaxio de sentimentos e emocións que se produce nas masas e os seus efectos na perda temporal da personalidade individual e consciente da persoa.				
		2º-PSB6.2.3-Indaga na psicoloxía de Erikson e destaca algunhas das causas psicolóxicas explicativas que sinala acerca dos actos terroristas ou do pensamento radical e irracional que se pon de manifesto en seguidores/as de equipos deportivos, artistas, grupos políticos, relixiosos, etc.	Indaga na psicoloxía de Erikson e destaca algunhas das causas psicolóxicas explicativas que sinala acerca dos actos terroristas ou do pensamento radical e irracional que se pon de manifesto en seguidores/as de equipos deportivos, artistas, grupos políticos, relixiosos, etc.	CSC			X
		2º-PSB6.2.4-Elabora conclusións, en colaboración grupal, e formula pautas de conduta preventivas co fin de evitar que as persoas se convertan en parte da masa, perdendo o control da súa conduta, dos seus pensamentos e dos seus sentimentos.	Elabora conclusións, en colaboración grupal, e formula pautas de conduta preventivas co fin de evitar que as persoas se convertan en parte da masa, perdendo o control da súa conduta, dos seus pensamentos e dos seus sentimentos.	CSC			X

		2º-PSB6.3.1-Comenta e aprecia a importancia da aplicación da psicoloxía no mundo laboral, en temas tales como os aspectos psicolóxicos que inflúen na produtividade e no desenvolvemento empresarial, a importancia dos métodos e das técnicas psicolóxicas para a selección de persoal segundo os perfís laborais e a resolución de conflitos, etc.	Comenta e aprecia a importancia da aplicación da psicoloxía no mundo laboral, en temas tales como os aspectos psicolóxicos que inflúen na produtividade e no desenvolvemento empresarial, a importancia dos métodos e das técnicas psicolóxicas para a selección de persoal segundo os perfís laborais e a resolución de conflitos, etc.	CSIEE			X
		2º-PSB6.3.2-Procura e selecciona información sobre recursos humanos: selección de persoal e desenvolvemento de programas profesionais favorecedores da integración do persoal traballador na empresa, e a súa evolución persoal e profesional.	Procura e selecciona información sobre recursos humanos: selección de persoal e desenvolvemento de programas profesionais favorecedores da integración do persoal traballador na empresa, e a súa evolución persoal e profesional.	CSIEE			X
		2º-PSB6.3.3-Describe a importancia dos factores psicolóxicos que inflúen no desenvolvemento laboral, como a adaptación, a innovación, o traballo colaborador, a xestión de coñecementos, a creatividade e a autoestima, identificando factores fundamentais, como a proposición de retos, a motivación, o fomento da participación, a autonomía e a xeración de ambientes creativos, mediante exemplos de casos concretos e reflexionando criticamente sobre a súa	Describe a importancia dos factores psicolóxicos que inflúen no desenvolvemento laboral, como a adaptación, a innovación, o traballo colaborador, a xestión de coñecementos, a creatividade e a autoestima, identificando factores fundamentais, como a proposición de retos, a motivación, o fomento da participación, a autonomía e a xeración de ambientes creativos, mediante exemplos de casos concretos e	CCL			X

		aplicación en diversos ámbitos de traballo.	reflexionando criticamente sobre a súa aplicación en diversos ámbitos de traballo.				
		2º-PSB6.3.4-Investiga, en páxinas de internet, acerca dos principais riscos da saúde laboral, como son o estrés, a ansiedade, o mobbing e a síndrome de Burnout.	Investiga, en páxinas de internet, acerca dos principais riscos da saúde laboral, como son o estrés, a ansiedade, o mobbing e a síndrome de Burnout.	CD			X

RÚBRICAS

RÚBRICAS - EXPOSICIÓN ORAL

Craterios	Excelente 4	SOB/NOT	Bo nivel 3	NOT/BE	Aceptable 2 SUF	Non aceptable 1 INS	Puntuación
Contidos	Adáptase ao tema e abórdao en profundidade usando exemplos.		Coñece o tema pero usa poucos exemplos.		Ideas correctas, pero incompleto e sen exemplos.	Ideas simples	
Comunicación verbal e xestual	Tono de voz apropiado, linguaxe precisa. Utiliza xestos para aumentar a expresividade do seu discurso.		Fluída, o público amosa interese. Utiliza poucos xestos.		Secuenciación correcta pero seccións illadas.	Mal estruturado e difícil de entender	
Comprende o texto	Fala do que ten que expoñer sen ler.		Fala do que ten que expoñer usando un guión.		Le parte do que ten que expoñer usando un guión.	Le todo o que ten que expoñer.	

RÚBRICAS - TRABALLO ESCRITO

Craterios	Excelente 4	SOB/NOT	Bo nivel 3	NOT/BE	Aceptable 2 SUF	Non aceptable 1 INS	Puntuación
Contidos	A información é excelente: entendeu o tema, reflexionou e chegou a conclusións.		A información é clara y mostra certa reflexión sobre o tema.		O contido demostra que entendeu o que traballou.	Información a un nivel moi simple.	
Organización dos contidos.	Mostra unha planificación coidadosa e una secuenciación lóxica e clara.		A organización é adecuada e os apartados están relacionados entre si.		Cubrironse as diferentes seccións pero non hai conexión nin transición entre elas.	Confuso, incompleto e sen unha dirección clara.	
Aspectos lingüísticos.	Fluído e cun bo nivel lingüístico. Non presenta erros ortográficos.		Fluído e claro pero presenta 3 erros ortográficos.		Adecuado a pesar de 6 erros ortográficos.	Moitos erros (máis de 6). Difícil de entender.	
Presentación	A presentación está moi traballada e é moi atractiva visualmente.		A presentación é correcta e visual.		A presentación é correcta pero pouco atractiva.	Pouco elaborada. Pouco visual. Non utiliza imaxes, gráficos, enlaces, etc.	
Regularidade	Escribe no caderno de clase cada día que hai materia e fai todas as actividades propostas.		Escribe no caderno de clase unha vez por semana e fai a maioría das actividades propostas.		Escribe no caderno de clase de xeito irregular e fai a metade das actividades propostas.	Apenas escribe ou non escribe nunca. Apenas fai as actividades ou non fai ningunha.	

TOTAL:

RÚBRICAS - TRABALLO GRUPAL

Criterios	Excelente 4	SOB/NOT	Bo nivel 3	NOT/BE	Aceptable 2 SUF	Non aceptable 1 INS	Puntuación
Contribucións ao grupo	Todo o grupo se implicou no traballo de forma similar.		Todos os membros do grupo colaboraron, aínda que a diferentes niveis.		Case que todos os membros do grupo se implicaron e completaron ás súas tarefas.	Só parte do grupo se implicou.	
Posta en común	As discusións axudaron á cohesión do grupo como equipo de traballo.		A posta en común serviu para planificar e resolver dúbidas.		Non houbo conflitos pero non todos participaron por igual.	Houbo conflitos nas discusións de grupo.	
Autonomía	Os problemas discutíronse no grupo e buscáronse solucións conxuntas.		Con frecuencia os problemas resolvéronse no seo do grupo.		Poucas veces necesitaron axuda do profesor/a.	Continuamente necesitaron ao profesor/a.	
TOTAL:							

RÚBRICAS - APRENDER A APRENDER

Criterios	Excelente 4 SOB/NOT	Bo nivel 3 NOT/BE	Aceptable 2 SUF	Non aceptable 1 INS	Puntuación
Ter conciencia das capacidades de aprendizaxe: Atención, concentración, memoria, comprensión e expresión e motivación de logro.	É capaz de identificar en que medida as súas capacidades de aprendizaxe inflúen nos seus éxitos ou fracasos	É consciente das súas capacidades de aprendizaxe, pero non as distingue en situacións concretas.	Recoñece só algunha das súas capacidades de aprendizaxe.	Non coñece as súas capacidades de aprendizaxe e/ou atribúe os seus fracasos a factores externos.	
Adquirir responsabilidades e compromisos persoais sendo perseverante na aprendizaxe.	Potencia as súas capacidades de aprendizaxe e comprométese en superar as deficiencias con perseveranza.	É perseverante na responsabilidade de mellorar algunha das súas capacidades de aprendizaxe a curto prazo.	Mostra interese en mellorar as propias capacidades de aprendizaxe, pero non persevera.	Non manifesta interese en mellorar o seu propio aprendizaxe.	
Obter un rendemento máximo das capacidades de aprendizaxe coa axuda de estratexias e técnicas de estudo.	Selecciona estratexias e técnicas de estudo adecuadas para obter un rendemento máximo das súas capacidades.	Usa estratexias ou técnicas de estudo adecuadas pero non suficientes para lograr un rendemento máximo.	Usa estratexias ou técnicas de estudo inadecuadas para mellorar o seu rendemento.	Non usa ningunha estratexia ou técnica de estudo para mellorar o seu rendemento.	
Adquirir confianza en si mesmo e goce por aprender.	Goza das aprendizaxes e manifesta interese e curiosidade para ampliar os seus coñecementos.	Goza e manifesta interese nalgúns aspectos da súa aprendizaxe.	Esfórzase en aprender aínda que non ten confianza nas súas propias capacidades.	Non cre nas súas propias capacidades para aprender ou non as utiliza.	
TOTAL:					

XXXIV. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

A didáctica debe considerarse como fonte científica da metodoloxía, que se desenvolverá na materia desde múltiples propostas, desta forma, a comunicación didáctica permitirá acadar as seguintes vantaxes:

Coherencia diacrónica	Ao dar continuidade aos modos de facer do curso anterior, poden ser boas fibras transversais que reforcen a transición dun nivel ao seguinte. Esta posibilidade fai que a metodoloxía didáctica sexa un contido pedagóxico do proxecto educativo de centro de primeira magnitude.
Coherencia sincrónica	Polo feito de ofrecer formatos comúns de ensinanza para equipos didácticos e departamentos diferentes, esta colaboración favorecerá a coordinación metodolóxica, posibilitando un estilo e congruencia positivo para a construción cooperativa dos proxectos didácticos de etapa, nivel, programación de aula ou de unidades didácticas.
Enriquecemento de unidades didácticas	As múltiples propostas metodolóxicas poden enriquecer o deseño e desenvolvemento das unidades didácticas, complementándoas ou formando parte delas. En calquera caso, poderán atender ás distintas competencias clave.
Individualización da ensinanza e orientación didáctica	Favorece a individualización da ensinanza, a calidade da comunicación profesorado-alumnado e unha formación máis complexa e completa, máis aló da instrución.
Mellora da avaliación	Pódese incrementar o carácter continuo e formativo da avaliación e propiciar que os procesos de auto e coavaliación ocupen un lugar natural nos procesos de comunicación educativa.

XXXV. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Materiais didácticos elaborados polo departamento de Filosofía.

Ordenador con aplicacións de vídeo e audio.

XXXVI. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN, CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

A avaliación debe servir non só para avaliar os progresos dos alumnos/as senón tamén para orientar e guiar o proceso de ensino-aprendizaxe.

As características que presenta a avaliación son as seguintes:

- Individualizada
- Integradora
- Cualitativa
- Diagnóstica e orientadora
- Continua

O profesorado avaliará aos alumnos/as tendo en conta os diferentes elementos do currículo. Os criterios de avaliación serán o elemento que permita valorar, tanto o grado de adquisición das competencias básicas como o de consecución dos distintos estándares de aprendizaxe.

Co fin de garantir o dereito que asiste aos alumnos/as a que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, os profesores/as informarán ao alumnado do que se vai a estudar, de que e cando se vai a avaliar e de cómo se vai a cualificar.

Empregaranse como instrumentos de avaliación:

- Observación sistemática:
 - o Actividades realizadas, tanto na aula como na casa, que permitan avaliar o traballo do alumno/a.
 - o Intervencións do alumnado en clase.
 - o Observación dos hábitos de traballo e das estratexias de estudo no manexo do material didáctico.
- Traballos monográficos ou interdisciplinares individuais e grupais.

- Redacción do caderno de clase, preferentemente en formato dixital (blog) De ser o caso, probas escritas, orais e de interpretación que permitan a comprobación do grado de adquisición dos estándares de aprendizaxe.

Os criterios de cualificación establécense da seguinte maneira:

- Caderno de clase: 70%
- Exposicións dun tema: 30%

Para obter o aprobado o alumno deberá acadar, unha vez aplicados estes criterios, a nota de 5 sobre 10.

Tras a avaliación final ordinaria, o profesor/a elaborará, dacordo co Departamento, un plan de actividades de recuperación das aprendizaxes non acadadas por cada estudante. O obxectivo é preparar e orientar ao alumno/a para a realización da proba extraordinaria de setembro.

O alumno/a con cualificación negativa será informado/a por escrito, tras a avaliación final ordinaria, das actividades de recuperación propostas e do modelo de proba extraordinaria de setembro.

XXVII. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Como indicadores de logro pódense distinguir os previos ou de preparación, que anteceden a materialización do proceso de ensinanza-aprendizaxe e os posteriores ou de realización que aluden a posta en práctica do proceso.

Entre os indicadores de logro previos, cabe salientar todos os referentes á preparación dunha programación didáctica axeitada á realidade do centro: a elección de libros de texto e de traballo, e outro material didáctico; a preparación de medios audiovisuais; a previsión de datas satisfactorias para a realización de actividades e probas, tanto ordinarias como extraordinarias e de pendentes; as xuntanzas para coordinación dos membros do Departamento; análise de resultados do curso anterior.

Os indicadores de logro do proceso, compre enumerar:

- As revisións quincenais de control de cumprimento da programación.
- A avaliación cualitativa, mensual e trimestral, da marcha e resultados obtidos polos alumnos/as co traballo e resposta na clase e nas probas obxectivas.
- Os feedbacks periódicos da materia xa explicada para contrastar a súa asimilación real polos alumnos/as.
- Análise da relación entre actividades orais e escritas e entre actividades grupais e individuais, para asegurar o seu adecuado equilibrio.

- Análise das medidas adoptadas para dinamizar as clases e a frecuencia das mesmas e os seus resultados.
- Observación e avaliación da mellora de nivel do grupo e dos seus alumnos/as, respecto de aqueles nos que se detectou déficit de aproveitamento na materia previamente impartida.
- Observación e control dos alumnos/as que presenten retrasos na aprendizaxe para establecer ou propoñer, segundo sexa o caso, sobre patróns obxectivos e ben fundados as decisións sobre a eventual necesidade de adaptacións curriculares ou plans de mellora.
- Reclamar das familias as intervencións precisas para mellorar a situación do alumno/a que o necesite, axudando ao seu diagnóstico ou a colaborar no estímulo, orientación ou corrección de condutas que se estime pertinente.
- Analizar se as instrucións aos alumnos/as son claras, precisas, intelixibles para eles, e o uso que fan de elas, para comprobar que alcanzan o seu fin.
- Asegurar que os instrumentos de avaliación son os axeitados, son coñecidos polo alumnado na súa estrutura e tipoloxía e que seu contido concorda ao 100% coa materia a avaliar.
- Asegurar regularmente o repaso da materia xa explicada e sempre ante a celebración dunha proba de calado sobre ela.

XXVIII. PLAN DE SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.

O centro conta co Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes de cursos anteriores fóra do horario lectivo para a ESO. O programa está atendido polo profesorado do departamento que se coordina cos profesores/as dos distintos niveis. A avaliación farase dentro do programa realizando probas ao longo do trimestre e a nota final porase na avaliación final ordinaria.

Para co alumnado do bacharelato, farase o seguimento e decidirse a superación da materia pendente de 1º na proba extraordinaria que se fará no mes de maio. Para o seguimento da materia o departamento elaborará exercicios que deberá realizar o alumno/a, estes traballos corresponderán cos contidos impartidos en 1º curso. Será o xefe/a do departamento didáctico o encargado de pórse en contacto co alumnado con materias pendentes para establecer o procedemento: plan de traballo, supervisión e calendario para a recuperación. Cada alumno/a deberá entregar ao xefe/a do departamento todos estes exercicios debidamente resoltos, e para elo facilitaráselle unha sesión na que poderán resolver dúbidas.

XXIX. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS EN BACHARELATO.

Aos efectos de avaliación e cualificación establécese a prelación entre materias de bacharelato, entendendo en todos os casos que debe superarse a materia de primeiro para poder cursar e avaliar a correspondente de segundo:

- Materias coa mesma denominación que se cursan en primeiro curso respecto da mesma materia de segundo curso. Aos efectos de promoción e repetición de curso computan como dúas materias.
- Materias cuxos contidos son total ou parcialmente progresivos, a saber: Física e Química de primeiro respecto de Física ou Química de segundo; Bioloxía e Xeoloxía de primeiro respecto de Bioloxía ou Xeoloxía de segundo.

Neste sentido, poderá realizarse unha proba para acreditar os coñecementos previos necesarios para seguir con aproveitamento unha materia de 2ª nos seguintes supostos.

Cando, tras superar todas as materias de 1º curso, solicítese a autorización para non cursar a materia de 1º que teña prelación sobre outra de 2º da que se pensa matricular. En tales supostos solicitarase ao Director esta autorización, sendo a data límite o último día do período de matriculación de setembro.

O director poderá autorizar a realización dunha proba que acredite os coñecementos necesarios para poder cursar a materia de 2º de bacharelato. Esta proba, realizada por o/a xefe/a de departamento, versará sobre os criterios de avaliación mínimos da materia de 1º, e para a súa superación deberá obterse unha cualificación, como mínimo, de 5 sobre 10. Dita cualificación non constará no seu expediente académico.

XL. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS A ADOPTAR Á VISTA DOS RESULTADOS OBTIDOS.

Cada novo curso unha parte dos alumnos/as correspondentes a cada profesor/a renóvase, xurdindo a necesidade de establecer o nivel de coñecementos que posúen e que vai operar como punto de partida no proceso e ensinanza-aprendizaxe do presente curso.

Cabe falar dun nivel grupal que viría a ser un nivel promedio estándar, e tamén dos niveis individuais propios de cada un dos alumnos/as en particular.

As ferramentas empregadas para establecer a avaliación inicial serán:

- Análise do expediente académico previo.
- Observación e análise do traballo na aula.
- Proposta de traballo específico puntual de contraste de xeito ben oral, ben escrito.
- Abrir un breve período de observación (de 3 a 5 días) presumindo un nivel ideal e a vista dos resultados chegar a conclusións ao respecto.
- Someter aos alumnos/as a una proba obxectiva oral ou escrita formal.

Tendo en consideración os resultados que proporcionen os anteditos medios procederíase á toma de decisións (todos estes acordos tomaranse na sesión de avaliación inicial que se programa desde a dirección ao comezo de cada curso escolar):

- Os alumnos/as con nivel baixo a media serían sometidos a un programa específico de repaso ou reforzo temporal e breve.
- Inicio de repaso selectivo da materia do curso anterior durante una semana.
- Medidas de reforzo mais permanentes.

XLI. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Actividades de ampliación e reforzo

Partimos da premisa de que en toda clase de hai alumnos/as con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe, e tamén con diversos graos de motivación. Xa que logo, marcámonos como obxectivo que todo o alumnado participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e teñan o éxito que lle corresponda á súa capacidade e interese.

A diversidade de exercicios e actividades utilizados fai posible que todos os alumnos/as atopen algún que se adapte ao seu estilo de aprendizaxe. Por exemplo, os enfoques indutivo e dedutivo que se adoptan para o estudo proporcionan formas diferentes de acceder a un mesmo coñecemento, e, segundo o seu estilo individual de aprendizaxe, os alumnos/as beneficiaranse dun ou doutro enfoque.

En canto ós ritmos de aprendizaxe, o deseño de actividades diferenciadas permite que o alumnado que o necesite dispoña de actividades de ampliación ou de reforzo.

O profesor/a proporcionará actividades de ampliación para alumnos/as que rematan antes o seu traballo e fomentará a elaboración de proxectos.

En moitos casos, os alumnos/as teñen problemas porque non dominan as técnicas de estudo, polo tanto traballarase a aprendizaxe destas técnicas ao longo do proceso formativo.

XLII. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

i) PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.

O carácter transversal que a educación en valores ten, implica a súa inclusión en todos os momentos do proceso educativo. Debemos aproveitar o traballo da comunidade educativa para fomentar a tolerancia e o respecto, tanto ás persoas como ás súas ideas e á súa forma de vida.

Igualmente debemos dar a coñecer as N.O.F. e aplicalas con flexibilidade , insistindo en que o traballo colectivo e a colaboración non está en contradición coa organización xerarquizada do centro e do traballo na aula.

Os temas transversais tratados en cada unidade desta programación inclúen aspectos relacionados coa educación en valores.

j) APORTACIÓNS AO PLAN DE CONVIVENCIA.

O plan de convivencia debería contemplar e desenvolver todos os aspectos normativizados nas N.O.F.C.

Serán importantes, entre outros aspectos:

Xerar un ambiente escolar rico, libre, estimulante e de colaboración entre todos os membros da comunidade educativa.

Integrar a todos os membros da comunidade educativa , dando unha recepción cordial e empática aos novos membros.

Ademais da información das normas correctas de comportamento e respecto, informar aos alumnos dos mínimos esixibles e dos criterios de cualificación.

Intentar reflexionar colectivamente sobre os problemas posibles ou suscitados, estimulando a comunicación entre os membros da comunidade, intentando sempre chegar a consensos razoables e suxeitos a norma.

Crear un clima de respecto e colaboración á hora de facer traballo individual ou en equipo, así como de respecto e coidado do material colectivo e do mobiliario.

Intentar detectar canto antes procesos de acoso na aula, xa sexa este de forma ostentosa (con violencia ou insulto) ou ben de xeito máis sutil que teñen como orixe a pertenza a unha minoría étnica, ou relixiosa ou ben causado por eivas de orixe físico, diferenzas motoras ou psíquicas.

Combater e sancionar todo tipo de comportamento violento, lesivo e discriminatorio para co alumnado e o profesorado.

Aplicar as sancións pertinentes e establecidas por norma e protocolo cando proceda.

Pasar ao XADE as faltas de asistencia diariamente.

Manter información e comunicación constante entre o profesor/a e o titor/a. Informar de inmediato ao titor e facer chegar ás familias todo tipo de incidencias pertinentes en canto a rendemento, comportamento, actitude, etc.

Manter informadas ás familias e recabar delas información en casos puntuais.

Falar co Departamento de Orientación sempre que proceda.

K) FOMENTO DA LECTURA

Nas sesións de aula realizaranse lecturas en voz alta dos textos contidos nos libros do estudante, procedendo despois a realizar actividades de comprensión de diversa índole.

Realización de traballos de investigación e documentais sobre distintos temas transversais, que lles obrigan a extraer información despois da lectura de textos máis extensos. Ás veces expoñendo estes traballos nas aulas.

É decisivo para nós traballar a lectura de maneira non impositiva senón lúcida, lúdica e creativa. O pracer dese proceso pode ser importante para acadar os obxectivos desexados.

I) FOMENTO DAS TIC's.

A materia de Filosofía non ten como fin principal a consecución de habilidades nas TIC's, senón desenvolver no alumnado as competencias clave.

As TIC's son, deste modo, un medio para conseguir unha serie de obxectivos entre os que se atopa a competencia dixital; polo tanto as tecnoloxías da información e da comunicación incorpóranse a práctica docente como ferramentas de comunicación e aprendizaxe para que o alumno adquira as destrezas que lle permitan ser protagonista do seu proceso de aprendizaxe e non un mero receptor de información. Debe, así mesmo, desenvolver actitudes de interese, respecto e aceptación de realidades culturais diferentes, concibindo as TIC's como unha gran fiestra aberta ao mundo.

No centro contamos con diversas aulas de informática onde o estudante e o profesor/a aproveitarán os distintos recursos que ofrece Internet, pero non só como unha vía máis de información senón tamén de ampliación e actualización de coñecementos.

Con esta ferramenta trataremos de utilizar unha metodoloxía activa, é dicir, aprender facendo.

Hai que destacar que no noso centro hai catro aulas ABALAR para os grupos de 1º e 2º da ESO, pero para o resto dos grupos, as aulas de informática só están dispoñibles cando non se imparten as materias específicas de informática, sendo un número de horas moi reducido e a disposición do resto das materias.

As actividades que se propoñen inicialmente para o presente curso, sen prexuízo de que poidan incorporarse outras novas, centraranse na busca dirixida a través da rede de páxinas que teñan que ver coa materia.

XLIII. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

As actividades complementarias e extraescolares quedan abertas dado que dependemos de factores externos a nós.

XLIV. PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN (Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora).

A labor de reprogramación perfectiva e una necesidade non discutible, como tamén é certo que establecer una relación causa-efecto respecto de que parámetros son os que determinan os resultados no proceso de ensinanza-aprendizaxe, é tarefa sumamente difícil.

O marco máis axeitado para valorar e avaliar a programación son a posta en práctica na aula e as xuntas de departamento.

É precisa una valoración colectiva con apartacións desde diferentes perspectivas.

A reconsideración da programación debe estar baseada coa maior cantidade de datos obxectivos posible; consideráranse entre outros:

- As horas asignadas a cada unidade didáctica,
- A extensión dos contidos impartidos en relación cos previstos,
- O grado de consecución por parte do alumnado dos obxectivos previstos e da competencia acadada,
- O grado de consecución das metas fixadas polo profesor/a no exercicio da súa actividade profesional,
- Os resultados das avaliacións externas e internas,
- Os resultados obtidos nas probas de acceso á universidade (PAU),
- A valoración do que atinxe á metodoloxía e recursos didácticos empregados fundada na reaccións dos alumnos/as durante a explicación e no traballo na clase.

Os posibles cambios formais levaríanse a cabo preferiblemente na programación do curso inmediatamente seguinte e, de ser o caso e por razóns relevantes e urxentes, nos meses de xaneiro, ou abril do propio curso no que se detecte a necesidade de modificar algún aspecto acordado polo Departamento.

